

Vanesa Sotelo

Nome: Bonita



**PROGRAMA DE DESARROLLO DE DRAMATURGIAS ACTUALES
DEL
INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA**



Nome: Bonita

Vanesa Sotelo (Cangas do Morrazo, 1981)

Es directora de escena, actriz y dramaturga en lengua gallega. En 2008 trabaja como dramaturga residente para el Centro Dramático Galego con la creación de *Estigma* –junto con Rubén Ruibal y Jacobo Paz– y en 2009 es seleccionada como artista residente en 2009 para la misma institución con el proyecto *Corpo-puta-vaca-berro* –junto a Gena Baamande y Eva F. Ferreira. En 2010 obtiene el Premio del Jurado del IV Certamen “Diario Cultural” de Teatro Radiofónico con la obra *Indoor* y el XIII Premio Josep Robrenyo convocado por la Associació de Investigació i Experimentació Teatral con *Memoria do incendio*. En 2011 gana el VI Premio Abrente de Textos Teatrales con *Campo de covardes*. Vanesa Sotelo es subdirectora de la Revista Galega de Teatro y colaboradora del periódico de las artes escénicas www.artezblai.com con la columna “Incendiaria en combustión”.

Obras editadas: *Azotea* (Revista Galega de Teatro 39, verán 2004); *Panóptico* (en Revista Madrygal, 2008); *Timisoara* (en Novos Autores II. Edicións Laiovento, 2009); *Elsa* (en *Estigma*. Edicións Laiovento, 2009); *Indoor* (Ed. Xerais, 2010); *Memoria del incendio* (Artez, 2011); *Naufraxia* (en Revista Casahamlet, 2011); *Campo de covardes* (Ed. Difusora de Letras, Artes e Ideas S.L., 2012); *Frontera* (en Acotaciones 28, 2012), *Eurívoros* (en *Banqueiros*. Ed. Laiovento, 2012); *Kamouraska* (en *Dramaturgas del siglo XXI*. Ediciones Cátedra, 2014).

Vanesa Sotelo

Nome: Bonita



© Vanesa Sotelo

© *De la presente edición:*

Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música

Diseño y maquetación:

Vicente Alberto Serrano

Cubierta:

Esperanza Santos

(sobre foto de Maria Gomes de Oliveira, vulgo *Bonita*)

NIPO: 035-14-055-3

El pasado octubre de 2014, la traductora griega María Chaztenmanouil defendía con vehemencia en Madrid que nos encontramos ante un segundo Siglo de Oro de la dramaturgia española. El tiempo pondrá en su lugar las cosas, pero este comentario entusiasta de una gran conocedora de nuestros autores vivos nos habla de una actividad en la que conviven varias generaciones de excelentes escritores y a la que se van sumando nuevas promociones capaces de ponerse a su altura o de superarlos.

Facilitar los primeros pasos de esas nuevas promociones, proyectar sus trabajos y alentar su tarea han sido los objetivos de este proyecto de desarrollo de nuevas dramaturgias. Se trata de una de las iniciativas del INAEM en este ámbito pero no de la única. Ahí están las publicaciones y presentaciones de los últimos premios Calderón de la Barca —el más reciente, *Rukeli*, de Carlos Contreras, publicado por el CDT y presentado en el Centro Dramático Nacional— o los fruc-

tíferos proyectos del Centro Dramático Nacional en estos años bajo el título general de ‘Escritos en la escena’.

Este es ya el tercer año de funcionamiento del proyecto de desarrollo de nuevas dramaturgias, que nació teniendo como modelo el dedicado a jóvenes compositores musicales, y la cosecha de nuevos textos dramáticos, que quedan publicados y disponibles en la web de la Muestra de Teatro de autor español contemporáneo de Alicante, es una invitación al optimismo. A los diez autores incluidos hasta ahora en este proyecto –Antonio Rojano, María Velasco, J.S. García Cornelles, José Manuel Mora, Diana Luque, Emiliano Pastor, Ferran Dordal, Julián Fuentes Reta, Mar Gómez Glez y Paco Bezerra– se unen ahora seis nuevos nombres: Lola Blasco, que comenzaba a escribir en sus días de estudiante en la Universidad Carlos III y ha pasado ya por los proyectos de escritura del CDN, nos presenta *Siglo mío, bestia mía*; el valenciano Antonio de Paco, que ya hace siete años ganara el prestigioso Premio Marqués de Bradomín, nos ofrece *Los olvidados*; Carolina África Martín Pajares ha tenido que sacar tiempo de donde no había, en medio de la exitosa gira de su *Vérano en Diciembre*, Premio Calderón que fue presentada en el Teatro María Guerrero, para escribir esta nueva pieza, *Vientos de levante*; Fernando Epelde, que recibió hace unas semanas el premio Enrique Jardiel Poncela y, no hace mucho, el Tirso de Molina, ofrece aquí su obra *De cara al público*, que no dudamos de que pronto formará parte del repertorio de la compañía Voadora; también atesora una intensa trayectoria Vanesa Sotelo, a quien su puesto en la Revista Galega de Teatro le da la oportunidad de conocer bien lo mucho y bueno que está pasando en la última dramaturgia. Su *Nome: Bonita* sigue ahondan-

do en una firme escritura atenta a su idioma; tal vez, el que tenga un mayor peso sobre sus espaldas sea Fran Godón, que ofrece para este proyecto su obra *Subterránea*. Nació en A Pova do Caramiñal. Y eso, en teatro, no es decir cualquier cosa.

La casualidad ha unido en este ramillete a tres escritores gallegos. Podrían haber sido canarios, castellanos, catalanes, andaluces, valencianos... los orígenes de nuestros jóvenes autores son tan diferentes como sus miradas. Nacidos en los últimos setenta, primeros ochenta; se han formado como escritores pero también, en muchos casos, como directores y actores; algunos están vinculados a compañías y en ocasiones han completado su formación fuera. Han ganado premios, publicado, estrenado... Son escritores que valen la pena. Por eso su país debe apostar por ellos. Por el futuro como patrimonio.

Montserrat Iglesias Santos
Directora General del INAEM

Nome: Bonita

A Josefita, pola última luz dos seus ollos.
A Gloria, polo azul do seu ollar.
A Josefa e a David.

Con toda gratitude para Wajdi Mouawad
por espertar o camiño.

Con todo cariño para Almir Ribeiro por
colocarme sobre os pasos.

Quem transforma o pensamento em odio?

Alfonso Pexegueiro, *Hipatia*

As mulheres dizem, a linguagem que falas envenena a tua glote língua palato lábios. Dizem, a linguagem que falas é feita de palavras que te estão a matar. Dizem, a linguagem que falas é feita de signos que rigorosamente falados designam aquilo que os homens apropriaram.

Monique Wittig, *Les Guérillères*

NOTA

Como cada obra, *Nome: Bonita* foi escrita coa escena como principal obxectivo. Nela hai dezasete personaxes pero foi pensada para ser representada por catro actrices e un actor.

O presente texto está completo mais pola súa vocación escénica e de establecer pontes entre a lusofonía, *Nome: Bonita* aspira a que as personaxes de orixe portuguesa e brasileira sexan ditas algún día na lingua na que deberían ter sido pensados. É este un desexo de futuro. Oxalá o futuro conceda este desexo que agora emito de poder ver o traballo en galego e portugués.

Nome: Bonita naceu a raíz de varias figuras. A primeira foi a de Maria Bonita, primeira cangaceira. A segunda foi a das guerrilleiras que a profesora Aurora Marco rescata do silencio no seu libro “Mulleres na guerrilla antifranquista galega”, editada por Edicións Laiovento. Agradezo inmensamente a Aurora Marco a súa documentación e o proxecto editorial impulsado desde A Coruña por Francisco Pilla-do Mayor. Foi difícil manterse en pé e con serenidade asistindo á lectura do libro de Marco e os testemuños das mulleres entrevistadas e que falan da súa historia en primeira persoa. No presente texto non quixen usurpar ningunha das súas historias. Só lanzar unha mirada desde a escrita dramática á figura das guerrilleiras que como sinala Marco “foron obxecto dunha dupla falta de memoria; por seren desafectas ao novo réxime e pola súa condición feminina”.

Gustaríame agradecer aquí o traballo da Fundación Sa-
les Xardín Arboretum e as valiosas indicacións de Oliver
Weiss.

Gustaríame agradecer a súa axuda, apoio e creatividade
ao Grupo de Teatro “Eu experimento” do Instituto Camões
de Vigo; a Fernando Serpa polos seus apuntamentos musi-
cais e a Leopoldo Cañizo pola súa primeira lectura.

Vanesa Sotelo

PERSONAXES

ALMA

EDUARDO, O COMPAÑEIRO DE ALMA

AXUDANTE

AUSENCIA / ESPERANZA

EDUARDO, O NEUROPSICÓLOGO

ALBA

PERSOA ASISTENTE 1

PERSOA ASISTENTE 2

EDUARDO, O GUERRILLEIRO

CLARA

INOCENCIA

UN GARDA

GABRIEL, O CAPITÁN

UNHA VOZ

SALVADOR, O CONTRABANDISTA

ALBINA

SALVADOR, O XERENTE

TRABALLADORA 1

TRABALLADORA 2



ALMA

ELVIRA E LUÍSA

ALMA: Por que nos envelenaron tanto? Sae o sol e na carballeira non quedan árbores en pé. A súa resina é como o sangue. Pégase ás mans. A súa presenza non se borra. Non era preciso chegar ata aquí pero foi preciso. Quen transforma o pensamento en odio? Estou aquí. Estou aquí no medio da felicidade contemplando a dor. Non era preciso chegar ata aquí. Pero foi preciso. Non era preciso vir ata aquí para entender. Pero era preciso chegar ata aquí para ver. Hai un tempo para todo. Hai o tempo das árbores e o tempo das estrelas. Hai un tempo para o silencio. Hai un tempo para a escuridade. Hai un tempo para contemplar a luz que aínda loce e que xa non está. Hai un tempo para saber e hai un tempo para sandar. Non hai tempo para esquecer. Ese tempo non existe.

Vigo, 2 de setembro de 1965. Hoxe Soledad faloume de ti. E da primeira carta. Ti es inocente. Eu non son culpable. É importante parecerse na inocencia. Escribirei cada día. Ata que alguén nos explique.

O DRAGO

Vigo. Ano 2004.

EDUARDO.- Que ves?

ALMA.- Aínda non o sei.

EDUARDO.- Non sempre hai metáforas

ALMA.- O que non hai sempre son lectores de metáforas.

EDUARDO.- Mágoa que caera.

ALMA.- Ten algo. Está dicindo algo. Con todas esas novas raíces buscando a terra. Viches como sangra?

EDUARDO.- Nunca vira unha resina tan vermella.

ALMA.- Eu si. Pensei que non se adaptaría aquí.

EDUARDO.- En realidade, non se adaptou.

ALMA.- Non se adaptou porque caeu.

EDUARDO.- Caeu porque non se adaptou.

Silencio.

EDUARDO.- Que vas facer?

ALMA.- Reforzar a base. Dez anos atado e, tal vez, recupere.

EDUARDO.- É increíble como para ti todo é relativo.

ALMA.- Sempre pensei que a raíz era para agarrarse á terra. Para este drago as raíces serven para buscala.

EDUARDO.- Estou falando do tempo que vas pasar fóra.

ALMA.- Máis de 600 anos.

EDUARDO.- Alma...

ALMA.- Un drago pode vivir máis de 600 anos.

EDUARDO.- Non estou falando de árbores.

ALMA.- E cantos anos ten a Terra?

EDUARDO.- Estou falando de nós.

ALMA.- E canto tempo leva a humanidade sobre a terra?

EDUARDO.- Estou falando de nós que non imos vivir máis de cen anos.

ALMA.- Para min todo é relativo porque todo é relativo.

Silencio.

ALMA.- Van ser tres meses.

EDUARDO.- O proxecto global é de tres anos.

ALMA.- Por quen non queres que vaia?

EDUARDO.- Quero que vaias pero non agora.

ALMA.- Tanto tempo desenvolvendo o proxecto e agora non queres que vaia.

EDUARDO.- Non quero que esteas lonxe agora.

ALMA.- Van ser tres meses.

EDUARDO.- O proxecto global é de tres anos.

ALMA.- Xa estivemos meses lonxe.

EDUARDO.- E agora eu estou aquí.

ALMA.- Vou estar contigo.

EDUARDO.- Pero non vas estar ao meu lado.

ALMA.- Non vou estar aquí. Pero estarei ao teu lado. Xa estivemos meses así.

EDUARDO.- Para vivir contigo deixei a Paula en Bélxica.

ALMA.- Coa súa nai.

EDUARDO.- Coa súa nai. Noutro país. E agora estou aquí contigo.

ALMA.- E agora estás aquí comigo.

EDUARDO.- E ti vas marchar.

ALMA.- Vou traballar.

EDUARDO.- A Brasil. E eu quedo aquí.

ALMA.- Podes vir comigo. Vou ao teu país.

EDUARDO.- Acabo de conseguir un traballo. Aquí. Contigo.

ALMA.- Podes vir comigo.

EDUARDO.- Non vou volver estar a dez mil quilómetros de Paula.

ALMA.- Nós xa estivemos a dez mil quilómetros.

EDUARDO.- E agora estou aquí.

ALMA.- Non me vas perder.

EDUARDO.- E se me perdes ti?

ALMA.- Dez anos, cinco meses, tres minutos...unha frase e o tempo faise relativo.

EDUARDO.- Ti fas que todo sexa relativo.

ALMA.- Non vou desaparecer. Pero non podo quedar aquí.

EDUARDO.- Por que?

ALMA.- Non sei. Xa non esperaba que aceptaran o proxecto pero aceptárono e non podo quedar aquí.

Silencio.

EDUARDO.- Falaches con Gabriel?

ALMA.- Vereino cando chegue aRío.

EDUARDO.- Que di túa nai?

ALMA.- Lucía segue sen falar.

EDUARDO.- Intentaches falar con ela?

ALMA.- Ela segue sen falarme.

EDUARDO.- Ti sempre sabes o que hai que facer.

ALMA.- Sei o que teño que facer.

EDUARDO.- Alma, eu quérote.

ALMA.- Eu tamén.

EDUARDO.- Por iso non mo dis nunca.

ALMA.- Por iso non cho digo.

EDUARDO.- E agora marchas.

ALMA.- E agora marchó.

EDUARDO.- E debo entender a metáfora?

LOTO

Rio de Janeiro. Ano 2004.

AXUDANTE.- Alma?

ALMA.- Si.

AXUDANTE.- O señor Gómez laméntao moito pero non puido avisala.

ALMA.- Non vai vir?

AXUDANTE.- Tivo un imprevisto.

ALMA.- Está ben?

AXUDANTE.- Non vai estar nas próximas semanas.

ALMA.- Non vai estar?

AXUDANTE.- Adiantou unha viaxe.

ALMA.- Pero el sabía que viña.

AXUDANTE.- Non é moi coidadoso coas datas...

ALMA.- Tampouco é coidadoso coa súa familia.

AXUDANTE.- Dixo que vostede o entendería.

ALMA.- Hai tempo que non entendo nada. Cando regresa?

AXUDANTE.- Aínda non o sabe. Vai participar na defensa dunha tese e quería aproveitar para visitar uns terreos.

ALMA.- Sobre que?

AXUDANTE.- Como?

ALMA.- A tese...

AXUDANTE.- Sobre a fase de enraizamento in vitro dun fósil vexetal vivinte descuberto hai uns anos.

ALMA.- Onde?

AXUDANTE.- Que?

ALMA.- A tese... A viaxe...

AXUDANTE.- En Kioto. É en Kioto.

ALMA.- En Kioto?

AXUDANTE.- Na universidade de Kioto.

ALMA.- Si, claro. En Kioto.

AXUDANTE.- En Xapón.

ALMA.- Sei onde está Kioto.

AXUDANTE.- Pódolle dicir que chegou ben e que está aquí.

ALMA.- Non cheguei ben. Non me atopo ben. Non creo que se lembre.

AXUDANTE.- Lembrareino. Pódolle escribir agora mesmo.

ALMA.- Meu pai non se vai lembrar.

AXUDANTE.- Ou pódelle escribir vostede, directamente, claro.

ALMA.- Vou ao nordeste. Intentarei velo cando regrese.

AXUDANTE.- Despístase con algunhas cousas.

ALMA.- Sobre todo coa súa filla.

AXUDANTE.- Xa coñece a historia dos lotófagos...

ALMA.- Contoulla el?

AXUDANTE.- Gabriel... O señor Gómez cóntalla a todas as persoas que veñen por primeira vez.

ALMA.- Entón xa lla escoitou.

AXUDANTE.- Moitas veces. Cada día.

ALMA.- Eu tamén. É curioso que xusto el teña tantos problemas de memoria.

AXUDANTE.- Si. É curioso. O seu interese pola botánica vén do seu pai?

ALMA.- De Gabriel?

AXUDANTE.- Si, do señor Gómez.

ALMA.- Non. Vén do meu avó. Tamén se chama Gabriel e sempre regala rosas.

Silencio.

AXUDANTE.- Deixareille o aviso.

ALMA.- Esquézao.

AXUDANTE.- Pero acaba de chegar de Europa...

ALMA.- Non importa.

AXUDANTE.- Pero...

ALMA.- O mundo non é tan grande. As distancias son moi relativas.

Silencio.

ALMA.- Pódolle facer unha pregunta?

AXUDANTE.- Espero saber contestala.

ALMA.- Para que cre que serve a raíz?

AXUDANTE.- Para agarrarse á terra, non?

ALMA.- Eu non estou segura.

A MEMORIA DE ESPERANZA

Aracaju. Ano 2004.

EDUARDO, o neuropsicólogo, reproduce cunha gravadora unha conversa con ALBINA. Noutra gravadora, grava o seu novo discurso.

ALBINA-OFF.- Por que ten que estar aquí se se atopa ben?

EDUARDO.- Por que estou enferma se me atopo ben? Esa é a pregunta que resume esta epidemia do noso século desde que se descubriu en 1901.

ALBINA-OFF.- Iso é o que lle pasa? Que o seu cerebro está morrendo?

EDUARDO.- O cerebro morre.

ALBINA-OFF.- E non ten volta atrás?

EDUARDO.- É irreversible.

ALBINA-OFF.- Sabe se doe a memoria? Doe a memoria ou doe a falta de memoria? Ela sempre dicía que non quería mirar atrás. Porque lle doía a memoria.

EDUARDO.- O proceso é difícil. Sobre todo para as persoas coidadoras.

ALBINA-OFF.- Mata logo?

EDUARDO.- Non mata. Pero non se cura.

ALBINA-OFF.- Non se cura.

EDUARDO.- É incurable.

ALBINA-OFF.- Se non se cura, acabará matando. Hai moitas cousas que non matan pero unha morre por elas. E

non podemos facela ir máis lenta? Pode parar esa máquina? Esperanza quere marchar.

EDUARDO.- Como facela ir máis lenta? Esa é a pregunta. Hai un novo caso de demencia no mundo cada catro segundos. Un segundo. Dous segundos. Tres segundos. Catro segundos. E hai un caso novo no mundo. En dez anos haberá máis de 35 millóns de persoas con demencia no mundo. E entre o 60 e o 70% estarán afectadas polo Alzheimer. As previsións indican que o número de afectadas duplicaranse cada 20 anos, chegando aos 115 millóns en 2050.

Silencio.

ALBINA-OFF.- Entón xa empeza a estar tola? Por iso onte lle pegou á enfermeira?

EDUARDO-OFF.- Non está tola. Hai algunhas cousas que van pasar. Vai ter cambios de humor, pode estar agresiva, vai ir perdendo mobilidade, é posible que deixe de recoñecerte e pode desorientarse na propia casa. Será mellor que non cosa máis. Para que non se manque. Pero poderá seguir coas plantas. Debería ficar aquí.

ALBINA-OFF.- Non quero que morra soa.

EDUARDO-OFF.- As dúas podedes estar aquí. E estaremos nós.

ALBINA-OFF.- Un día vai ter a resposta. Para a cura. Coñece a historia de Ulises? Sabe que facía cando tiña a certeza dun perigo? Amarrábase. El ou a tripulación. Pasoulle coas sereas. E tamén no país dos lotófagos. Coñece esas historias?

EDUARDO-OFF.- Non.

ALBINA-OFF.- Eduardo, como amarramos a memoria?

Silencio.

ALBINA-OFF.- Eduardo, pódeme deixar esa gravadora?

A MEMORIA DE ALMA

Sergipe. Ano 2004.

ALBA.- Podes oírme? Ola. Óesme? Mírame aos ollos. Podes oírme?

ALMA.- Deixa de baterme. Sempre berras tanto?

ALBA.- Perdoa. Ola.

ALMA.- Ola.

ALBA.- Mírame.

ALMA.- Quen es?

ALBA.- Non me recoñeces?

ALMA.- Coñecémonos?

ALBA.- Non.

ALMA.- Non me asustes.

ALBA.- Sabes onde estás?

ALMA.- En Brasil, espero. Cheguei o día 15. (*Mira un dos calendarios do cuarto*). Estamos en xullo? 2046? Canto tempo levo aquí?

ALBA.- Son calendarios falsos.

ALMA.- Ese é de 1998.

ALBA.- E ese de 2019.

ALMA.- En que ano estamos?

ALBA.- A min tanto me ten.

ALMA.- Canto tempo levo así?

ALBA.- Aquí?

ALMA.- Así. Aquí.

ALBA.- Aquí, hai dez días.

ALMA.- A que día estamos?

ALBA.- A min tanto me ten.

ALMA.- Estou soñando?

ALBA.- Dóече?

ALMA.- Si.

ALBA.- Entón non estabas durmindo.

ALMA.- Por que tes calendarios falsos?

ALBA.- Gústame o aquí e o agora.

ALMA.- Que hora é?

ALBA.- A min tanto me ten.

ALMA.- Tampouco tes reloxos?

ALBA.- Si. Aí.

ALMA.- Pero non funcionan.

ALBA.- Non me gusta escoitar o paso do tempo.

ALMA.- Tes idea de en que día vives?

ALBA.- Os días son relativos. Gústame...

ALMA.- O aquí e o agora.

ALBA.- Non me gusta sentir que o tempo...

ALMA.- ...pasa.

ALBA.- Tampouco me gusta que me corten as frases. Se queres quedar aquí vas ter que respectar as miñas regras.

ALMA.- E as miñas cousas?

ALBA.- Non tiñas nada.

ALMA.- Non traía nada?

ALBA.- Podes rexistrar a casa. E se me vas chamar ladroa non podes quedar aquí.

ALMA.- É outra regra?

ALBA.- Si.

Silencio.

ALBA.- Só tiñas esa pedra que agarras.

ALMA.- Non é unha pedra.

ALBA.- Parece unha pedra. Que é?

Silencio.

ALBA.- Onde ías?

ALMA.- Que?

ALBA.- A onde...?

ALMA.- Non sei.

ALBA.- Algún contacto?

ALMA.- Onde estamos?

ALBA.- Preto de Aracaju.

ALMA.- Aracaju?

ALBA.- En Sergipe.

ALMA.- Sergipe.

ALBA.- No nordeste.

ALMA.- Como cheguei aquí?

ALBA.- Eu xa estaba aquí. A que apareciches no medio da noite fuches ti.

ALMA.- Hai algo que non estou entendendo.

ALBA.- Eu son Alba. E ti?

ALMA.- Que?

ALBA.- Como te chamas?

ALMA.- Hai algo que non estou entendendo.

SANGUE DE DRAGO

Vigo. Ano 2004.

ALMA.- Hai algo que non estou entendendo.

EDUARDO.- Entón non son o único que non entende as metáforas.

ALMA.- Por iso teño que ir. Hai cousas que só se entenden coa loucura ou coa poesía.

EDUARDO.- E parece que estás perdendo a poesía.

ALMA.- Afortunadamente, teño bastante paciencia.

EDUARDO.- Eu espero entendelo pola análise para non tolear. Hai estudos feitos sobre as posibilidades das raíces do drago contra a leucemia.

ALMA.- E que? Haberá que saber máis. Investigar sobre a posibilidade de adaptar a árbore a lugares que non son o seu hábitat natural. Para futuras investigacións. E quen sabe se abaratar custos.

EDUARDO.- Para iso non era preciso ir a Brasil. Mira o que está pasando aquí coa *passyflora* colombiana. E iso que aquí non hai colibrís.

ALMA.- En Brasil aceptaron o proxecto.

EDUARDO.- O que necesitas é probar esa árbore nun clima bondadoso como o que hai aquí. Non ir ao deserto.

ALMA.- É unha rexión semi-árida... Xa estiven no deserto.

EDUARDO.- Non necesitas ir.

ALMA.- En Brasil aceptaron o proxecto.

EDUARDO.- Eu non vou estar en Brasil.

Silencio.

ALMA.- Vou te chamar. Todos os días.

EDUARDO.- Non vas chamar.

ALMA.- Por que non ía chamar?

EDUARDO.- Porque vas estar a dez mil quilómetros pensando noutra cousa.

ALMA.- Chamarei. Todos os días. Queres apostar?

EDUARDO.- Xa apostei. Agora estou aquí.

ALMA.- Vou probar o clima e intentarei saber máis sobre a aplicación que esas raíces poden ter contra a leucemia. Aquí non temos apoios. E como os beneficios disto non son inmediatos, tampouco imos telos.

EDUARDO.- Eu estou tendo unha oportunidade aquí. Por que non te podes adaptar a min?

ALMA.- Porque eu xa nacín aquí.

EDUARDO.- De que tes medo?

ALMA.- Eduardo, a min interésame este proxecto.

EDUARDO.- Esperar que os dragos do Índico enraícen no medio doutro deserto?

ALMA.- O noso proxecto.

EDUARDO.- E tes que poñer todo en risco.

ALMA.- É preciso o risco para saber.

EDUARDO.- Eu xa arrisquei. Deixei Brasil. Deixei a Paula en Bruxelas. E cheguei a Vigo. Eu estou aquí.

NOME: BONITA

ALMA.- Agora tócame arriscar a min.

EDUARDO.- Alma...

ALMA.- Que?

Silencio.

EDUARDO.- Prefiro a poesía á túa lóxica.

A PRIMEIRA CANGACEIRA

Sergipe. Ano 2004.

ALMA.- Que fas con ese becho?

ALBA.- Mateina. Estaba ao lado do pozo, toda enroscada.

ALMA.- E por que a traes aquí?

ALBA.- Tes que dicir: “cobra morta dentro da casa fica...”

ALMA.- Aparta esa cobra.

ALBA.- Díxenche que non me cortases as frases. Tes que dicir: “cobra morta dentro da casa fica chamando a compañeira viva”.

ALMA.- Aparta esa cobra. Pareces unha tola.

ALBA.- Quero arrincarlle os cascabeis. Mira, ten cinco. É unha...

ALMA.- Xa che dixen que apartases ese bicho.

ALBA.- E eu que non me cortes as frases. É unha cascabel criada. Anda, córtallos coa navalla.

ALMA.- Non lle vou tirar cascabel ningún.

ALBA.- Que che custa? Veña, córtallos.

ALMA.- Tírallos ti. Non a mataches? Eu non vou coller iso. Dáme noxo só mirar para ela.

ALBA.- Debías ter vergoña. Nin parece un home. Non sei que é o que parece. Tes medo de todo. Mesmo dunha cobra morta. Se lle tes noxo agora, que dirías mentres estaba viva. Mírame, eu que son muller, tiven medo pero mateina. Cando vin aquela roda ao lado do

pozo, tireille o balde de auga. Rompeuse todo, pero atordou a cascabel. E acabeina de matar cunha pedra. Mira que esfarelada quedou a cabeza.

ALMA.- Ai, saca de aquí esa cobra. Téñolle pánico a ese bicho!

ALBA.- Ti teslle medo a todo, non só á cobra. Bastou con que che achegase a cobra preto para quedar branco. Se levases agora unha navallada, non che caía unha pinga de sangue porque non tes. Ti non es home, Lauro.

ALMA.- Alba, con quen estás falando?

ALBA.- Contigo. Con Lauro.

ALMA.- Con quen?

ALBA.- Co primeiro home de Maria Bonita. Co zapateiro coa que a obrigaron a casar.

ALMA.- É a escena dun filme?

ALBA.- Dunha obra de teatro. De Raquel de Queiroz. Fala de Maria de Déa. De Maria Bonita. A primeira cangaceira.

ALMA.- Non sabía que eras actriz.

Silencio.

ALBA.- Eu só coído deste sitio.

ALMA.- Pero es actriz.

ALBA.- Eu só coído deste sitio.

LOTÓFAGAS

Aracaju. Ano 2004.

NEUROPSICÓLOGO.- Esquecerse de regresar. Así poden resumirse as consecuencias da inxestión de loto por parte daqueles homes que acompañaban a Odiseo. Ulises. Ulises ou Odiseo. As persoas que habitaban aquela illa no Mediterráneo non os mataron. As habitantes daquela illa non os ameazaron. Non os encadearon. Nin os forzaron. Limitáronse a ser boas anfitrías e a convidalos a participar dos seus hábitos. Limitáronse á amabilidade. Déronlles a súa comida. A tripulación aceptou e comeu a súa comida. E comeron as raíces daquela planta. Non os froitos. As raíces. Tiveron que chegar a aquela illa para esquecer. Con aquelas raíces, quen as comía, esquecía regresar. Esquecía a súa vida. Esquecía todo o que fora ata aquel momento. Ata aquel momento non foran nada. Non existían. Aquelas raíces contiñan un regalo: nelas había a posibilidade de renacer. O prezo que alguén pagaba para renacer era sempre o mesmo: deixar de ser.

A MEMORIA DE ALBA

Sergipe. Ano 2004.

ALMA.- Deberías volver actuar.

ALBA.- Non podo.

ALMA.- Por que?

ALBA.- Ou es actriz ou non. Eu non son capaz.

ALMA.- Pero acabo de verte representar.

ALBA.- Aquí, si. Na casa, si. Pero en escena quedo en branco. Como vou ser actriz se non sei ser actriz?

ALMA.- Si que sabes.

ALBA.- Quedo en branco.

ALMA.- Quedas en branco?

ALBA.- In albis, total. Esquezo o texto. Pérdome. Desoriéntome. Non sei que palabra teño que dicir. Non sei onde estou. Non sei que fago aí. É como se a miña cabeza desaparecese.

ALMA.- E actuar sen palabras? E a danza?

ALBA.- Pérdome. Pérdome por completo. Non es a única con problemas de memoria.

Silencio.

ALBA.- Patética. Unha actriz que non pode ser actriz porque queda sen memoria.

ALMA.- Tráxica. Diría eu.

ALBA.- Cómica.

ALMA.- Traxicómica. Existe esa palabra?

ALBA.- Iso: traxicómica.

Silencio.

ALMA.- Podes escribir.

ALBA.- Xa escribo.

ALMA.- Escribes?

ALBA.- Optei por escribir.

ALMA.- Non debe ser fácil.

ALBA.- E doe. Pero non hai que aprender as palabras. Hai que buscalas. E combinalas. E xeralas. Levalas por dentro. Como embrións. Parilas. E deixalas escritas. Quedan escritas. Para que algunha actriz as diga de memoria.

ALMA.- Sobre que escribes?

ALBA.- Sobre nós.

ALMA.- Tamén sobre min?

ALBA.- Sobre as que nos trouxeron ata aquí. Sobre as miñas avoas. Sobre a falta da miña nai. Sobre Maria Bonita.

ALMA.- Déixasme ler algo?

ALBA.- Queres ler algo?

ALMA.- Quero ler algo.

ALBA.- Gústache o teatro?

ALMA.- Dependerá de ti.

DADÁ E MARÍA

ALBA e ALMA transitan entre un lugar en Sergipe e un lugar fóra do tempo e do espazo.

ALBA-DADÁ.- Non deberíamos morrer máis.

ALMA-BONITA.- Son viúvas. Son as normas.

ALBA-DADÁ.- As normas de quen? Non está escrito que as cousas non poidan ser doutra forma.

ALMA-BONITA.- Por iso o noso destino foi o cangaço.

ALBA-DADÁ.- A min raptáronme.

ALMA-BONITA.- Eu non aturaba aquela casa.

ALBA-DADÁ.- Raptada aos 15 anos.

ALMA-BONITA.- Eu tiña 13 cando me casaron. Tamén me raptaron. Aos 19 entrei no cangaço.

ALBA-DADÁ.- Eu non escollín.

ALMA-BONITA.- A nós escolleunos o cangaço.

ALBA-DADÁ.- Para cambiar algo.

ALMA-BONITA.- Que hai que cambiar?

ALBA-DADÁ.- As mortes inútiles de mulleres inocentes. Ti podes mediar.

ALMA-BONITA.- Eu só son unha muller.

ALBA-DADÁ.- A primeira.

ALMA-BONITA.- Eu morrerei con Virgulino.

ALBA-DADÁ.- Eu non morrerei con Corisco. Seguirei loitando. Por todos. Por todas. Loitarei coa palabra pola dignidade.

ALBA abandona o personaxe.

ALBA.- Isto dígoo porque Dadá conseguiu que as cabezas dos cangaceiros fosen enterradas. Leváronas do museo no que estaban expostas e enterráronas. Fixéronlle unhas copias que quedaron expostas, pero as verdadeiras cabezas e o corpo de Corisco, foron enterradas.

ALMA.- En serio?

ALBA.- Sigue.

As dúas retoman os personaxes de DADÁ e BONITA.

ALMA-BONITA.- Por iso aprendes a disparar?

ALBA-DADÁ.- Aprendo a disparar porque Corisco xa non pode disparar. E porque unha muller pode facer todo. Pode que non sexamos iguais pero eu non vexo as diferenzas.

ALMA-BONITA.- Tamén pode aprender a odiar?

ALBA-DADÁ.- Tamén. Pero eu non odio. Porque eu amo. Porque eu aprendín a transformar o odio en pensamento.

Desfacendo a personaxe.

ALBA.- Outros chamaríano síndrome de Estocolmo, non cres?

ALMA.- Que é o síndrome de Estocolmo?

ALBA.- Non importa. Sigue.

Recuperando a personaxe.

ALBA-DADÁ.- Agora podemos votar. As mulleres xa podemos votar.

ALMA-BONITA.- As mulleres tal vez, pero non as cangaçei-
ras. A quen queres votar? Aos que queren cortarnos a
cabeza?

ALBA-DADÁ.- Quero dicir que podemos decidir.

ALMA-BONITA.- Sempre puidemos decidir. A cuestión é
que o prezo que tivemos que pagar nós por decidir
sempre foi máis alto.

ALBA-DADÁ.- A cuestión é que non quero máis mulleres
mortas nin marcadas.

ALMA-BONITA.- Eu tampouco.

ALBA-DADÁ.- Por que discutimos?

ALMA-BONITA.- Porque necesitamos aprender a replicar.

ALBA-DADÁ.- Unha muller pode facer todo. Pero ten que
aprender a replicar en corpo e alma.

Desfacendo o personaxe.

ALMA.- Alba...

ALBA.- Non che gusta? Non pasa nada se non che gusta.

ALMA.- Alma. Chámome Alma.

ALBA.- Sabía que escribir tiña que servir para algo.

ALMA.- Para devolverme o nome.

ALBA.- Para abrir a memoria.

ALMA.- Pero non lembro máis nada.

LOTÓFAGAS (II)

Aracaju. EDUARDO, o neuropsicólogo, conversa co público asistente despois da súa conferencia. Ano 2004.

PERSOA ASISTENTE 1.- Se unha persoa comese loto padecería amnesia?

EDUARDO.- Gustaríame que puidésemos ver máis aló da anécdota do loto. Gustaríame que entendésemos a metáfora. Pensemos, por exemplo, en como nos alimentamos. Pensemos en que hai datos sobre a presenza de aluminio no cerebro das persoas afectadas. Debemos tomar conciencia de como traballamos a terra. De como a terra alimenta o noso corpo, o noso cerebro e a nosa memoria.

PERSOA ASISTENTE 2.- Non sei se é unha parvada. Pero gustaríame saber se... Perdón se é unha parvada. Gustaríame saber. Se é unha parvada pode pasar a outra pregunta. Se non quere contestar á pregunta porque é unha parvada non me importará. De verdade. Gustaríame saber se... Se alguén se forza a esquecer pode ese esforzo traducirse despois nun problema de memoria? Pode ese esforzo provocar un Alzheimer precoz?

EDUARDO.- Non é unha parvada. Téñenme preguntado iso outras veces. Posiblemente porque hai moito silencio na nosa memoria. Eu sempre digo o mesmo: o esquecemento non se impón. Pode que o silencio si, pero o esquecemento, non. Canto máis saibamos, mellor. Saber é vivir. Canto máis saibamos, mellor.

Silencio.

EDUARDO.- Máis preguntas? Non hai máis preguntas? Se non teñen máis preguntas gustaríame propoñerlles unha cousa. Gustaríame que escoitásemos algo.

Coloca a gravación de ALBINA.

ALBINA-OFF.- O meu nome é Albina. Esta é a miña voz. Ao meu lado está Esperanza. A miña voz tamén é a súa voz. Queríamos conservar xuntas esta letra. É triste pero a nós fíxonos felices. Un día ela non vai lembrar que un día soubo que non ía lembrar. Tal vez a min me pase o mesmo. Hai unha persoa que deixa de lembrar cada catro segundos. O mal de Esperanza é como o da vida: imparable. E este foi o noso destino.

ALBINA canta as últimas frases de Destino marcado de Fernando Farinha.

“Vinha o destino marcado/ pois logo de pequenina/ Fiz do destino um fado/ O fado do meu destino/ Se a tristeza ao fado assiste/ e o fado assim extasia/ prefiro ser sempre triste/para não morrer de alegria/A minha vida renasce/neste meu canto magoado/Cada um é pro que nasce/e eu nasci para o fado”

EDUARDO.- E a miña pregunta é: como comezou? E a seguinte pregunta é: como rematou? E a terceira pregunta é: cal foi a frase que máis me gustou? Esa é a miña proposta: canten, escoiten, pregúntense, compartan e non se esquezan dos clásicos.

EDUARDO remata a súa exposición-conferencia.

EDUARDO.- Ola, Alba.

ALBA.- Ola, Eduardo.

EDUARDO.- Como está Albina?

ALBA.- Ben.

EDUARDO.- Lévaslle flores?

ALBA.- Flores, non. Non lle gustaba que cortara as plantas.
Planto un pensamento con cada lúa nova. Como ela
me dixo. Esta é Alma. É española.

EDUARDO.- Ola, Alma.

ALMA.- Ola.

EDUARDO.- E que fai unha española no nordeste?

ALMA.- O certo é que aínda non o sei moi ben.

EDUARDO.- Pero ti es galega. De que parte de Galiza? A
Coruña? Lugo?

ALMA.- Non sei.

ALBA.- Creo que ten algúns problemas de memoria.

EDUARDO.- Cres?

ALBA.- Estivo varios días inconsciente na miña casa.

EDUARDO.- E por que non viñeches antes?

ALBA.- Estaba inconsciente e non tiña forma de levantala.
Ademais, respiraba e falaba.

ALMA.- Falaba?

ALBA.- Falabas.

ALMA.- E que dicía?

ALBA.- Cousas que non significaban nada.

ALMA.- Que cousas?

ALBA.- Non sei. Cousas como en latín. Parecía latín. Era latín.

EDUARDO.- Sabes latín?

ALBA.- Non sei latín pero parecía latín. Tamén dicías:“socotra”.

EDUARDO.- “Socotra”?

ALMA.- Que significa “socotra”?

ALBA.- Eras ti a que falabas e dicías “socotra”.

EDUARDO.- Dirías “socorro”.

ALBA.- Decía “socotra”.

EDUARDO.- Eu non sei que significa “socotra”.

ALMA.- Eu nin sequera sei de onde son.

ALBA.- Só dicías cousas que non significaban nada.

EDUARDO.- Alba, está ben que non queiras saber nada máis da cidade nin da xente da cidade; que non queiras saber de médicos nin de burocracia e que o único que queiras sentir sexa o curso da natureza...

ALBA.- O aquí e agora. *Hic et nunc*. Iso é latín, non?

EDUARDO.- É latín. Pero non podes ser así.

ALBA.- Así, como?

EDUARDO.- Tan negligente.

ALBA.- Está viva, non?

EDUARDO.- Podería estar morta.

ALBA.- Pero está viva.

EDUARDO.- Pero podería estar morta.

ALBA.- E que queres que faga con ela?

EDUARDO.- Polo de agora, vai quedar aquí. E chamaremos ao consulado.

ALBA.- Ao consulado?

EDUARDO.- Non pode estar sen documentación.

ALBA.- E que imos dicir no consulado? Non sabemos nada dela.

EDUARDO.- Vannos poñer sobre algunha pista.

ALBA.- No consulado.

EDUARDO.- Si. No consulado.

ALBA.- Eu non teño teléfono. Eu non uso teléfono. Eu non vou chamar por teléfono.

ALMA.- Que che pasa co teléfono?

ALBA.- Odio todo o que está lonxe.

EDUARDO.- Chamarei eu.

ALBA.- Ao consulado?

EDUARDO.- Ao consulado, a inmigración, á policía, a alguén que nos poida dicir algo sobre Alma... Sabes se coñece alguén aquí?

ALBA.- Eu o único que fago é coidar a finca.

EDUARDO.- Alma, vas precisar tempo. É o único que ten as respostas.

ALMA.- Grazas, Eduardo. *(Pausa)* Eduardo...

EDUARDO.- Que?

ALMA.- Díxenlle a Eduardo que o chamaría.

EDUARDO.- Quen é Eduardo?

ALMA.- Díxenlle que o chamaría todos os días.

EDUARDO.- Lembras o número?

ALMA.- Dixo que eu non ía chamar. Pasaron cantos, quince días?

EDUARDO.- Alma, todo vai ir chegando.

ALMA.- Pero será tarde.

Silencio.

ALMA.- Non era loto.

EDUARDO.- Que?

ALMA.- O que comían as lotófagas. Hai especialistas que din que era loto pero outras falan doutro tipo de planta. Como dixeches, do loto cómese a raíz pero Homero fala dos froitos.

EDUARDO.- Por que sabes iso?

ALMA.- Iso non o sei. Non sei iso.

DANAUS PLEXIPPUS

Aracaju. Ano 2004.

EDUARDO.- Aquí vas estar mellor que na casa de Alba.

ALMA.- Nun invernadoiro?

EDUARDO.- Esta é unha parte. Despois móstroche o cuarto.

ALMA.- Por que aquí?

EDUARDO.- Porque é un lugar especial. Algo como unha *green-room*. Que tal con Alba?

ALMA.- Ben.

EDUARDO.- Xa che falou de Bonita?

ALMA.- Fixo unha escena.

EDUARDO.- Unha escena? Pensei que renunciara.

ALMA.- A que?

EDUARDO.- A ser actriz. Por iso se recluíu na finca das avo-
as. Queda sen memoria. Ponse nerviosa e perde a me-
moria.

Silencio.

ALMA.- Cando estiveches en Galicia?

EDUARDO.- Hai anos.

ALMA.- Por que?

EDUARDO.- Ás veces non hai razón para ir a un lugar.

ALMA.- Sempre hai unha razón.

EDUARDO.- Se cadra si. Se cadra non a quero compartir.

ALMA.- É bonita?

EDUARDO.- A razón?

ALMA.- Galicia. Como é?

EDUARDO.- Un sitio onde os mozos toman o sol sobre as lápidas dun cemiterio á beira do río. Foi algo que vin unha vez. Gustaríame que coñeceses a Esperanza, a outra avoa de Alba. Ela e Albina criaron xuntas a nai de Alba. Esperanza é galega. Mentres estás aquí gustaríame pedirche algo.

ALMA.- O que?

EDUARDO.- Que gravases os seus bordados.

ALMA.- Que gravase?

EDUARDO.- Coa túa voz. Ía pedirlllo a Alba pero ti falas galego. Sería bonito que lle deses a túa lingua. E se ca dra, lembrás algo. Esperanza foi cultivando algunhas plantas. Despois interesouse polas bolboretas.

ALMA.- Pero agora están case todas secas... ou disecadas.

EDUARDO.- Intentamos mantelo pero foron murchando. Para manter as bolboretas era fundamental ter plantas.

ALMA sinala algunhas das bolboretas disecadas no cuarto.

ALMA.- Son impresionantes.

EDUARDO.- Bolboreta monarca. É a preferida de Esperanza. Normalmente viven 24 días pero esta chega a vivir nove meses. Percorre miles de quilómetros desde Estados Unidos ata México para hibernar. E regresa de volta. Podes imaxinar a viaxe dun insecto de menos dun gramo? Algunhas atravesan o Atlántico, coma

ti. (*Sinalando nun mapa*) Van desde Estados Unidos –aquí– ata as illas Canarias –aquí. Ti ves de aquí.

ALMA.- E como saben a onde teñen que regresar xeración tras xeración?

EDUARDO.- Aínda se investiga. Pero é como coas aves migratorias. Herdan os patróns de voo. Nalgúns casos chegaron a desviar a súa rota ata África pola existencia das plantas que precisan para vivir e que foron introducidas polo ser humano: a mata de seda, de África ou a adelfa...

ALMA.- ...de América Central, como o oiamel. Esas bolboretas cobren os bosques. É impresionante ver como cobren esas árbores. Pero estamos acabando con elas.

EDUARDO.- Hai algo que queiras dicirme?

ALMA.- Creo que xa estiveron en México e xa vin o espectáculo da chegada da bolboreta monarca. Vin como abatían hectáreas de bosque pouco despois da súa chegada.

EDUARDO.- Fuches a México para estudar a bolboreta monarca?

ALMA.- Non, para ver sangue de dragón. Igual que en Socotra.

SOCOTRA

Aracaju. Ano 2004.

ALMA.- Felicidade. Socotra quere dicir felicidade. Todo comeza aí, na illa de Socotra, que quere dicir felicidade. Eu estaba na illa da felicidade e estaba chea de dor. Creo que por iso fun alí. Non sei por que cheguei alí. Non sei como cheguei alí. Un amigo convidárame a acompañalo para gravar o son das dunas no deserto de Omán. Non cheguei a escoitar as dunas. Non sei como pero estaba nun barco rumbo a Socotra. Soa. Completamente soa. Orgullosamente soa. Nunca me interesou a sensación de estar. É ir o que sempre me atrae. Só quería ir. Cando cheguei ao pé dun daqueles dragos dos que me falaran e vin o sangue saíndo das pólas que semellan as raíces dun mundo ao revés non parei de chorar. Esta é a resina que choran os dragos. Non é unha pedra. É a resina que choran os dragos. As miñas bágoas non se fosilizaron pero están nesta resina milenaria. O da leucemia foi despois. Descubrín que estaban estudando o uso da raíz do drago como tratamento para a leucemia. Nin sequera sabía que a miña nai tiña ese mal no sangue. Nin sequera sei porque non conseguimos falar.

Silencio.

ALMA.- Esquecerse de regresar.

ALBA.- Igual que eu esquezo as palabras que aprendín. Por que cres que estás aquí?

ALMA.- Nunca souben estar preto.

ALBA.- Por que non?

ALMA.- É a miña forma de estar sen estragalo todo.

ALBA.- Non se pode vivir a distancia.

ALMA.- Pódese. Pero non se vive.

ALBA.- Coma min. Que vivo fóra do tempo.

Silencio.

ALBA.- Viches a Esperanza?

ALMA.- Todas somos bonitas ata que se nos desfigura. É algo que lin.

ALBA.- Liches os bordados?

ALMA.- Aínda non. É algo que lembrei. Vina onte. É linda pero respira aire e exhala dor. Como era?

ALBA.- Eu non a escoitei nunca. Bordaba, lía e removía a terra das plantas.

ALMA.- Ten unha man queimada.

ALBA.- Eu lémbroa sempre así. Albina nunca me dixo. Sei que chegaron xuntas desde Lisboa.

ALMA.- Cando?

ALBA.- No 42. Eu xa non consigo entrar a vela. Enche a miña vida de tristeza. Como está?

ALMA.- Regresando.

ALBA.- Regresando?

ALMA.- Á infancia. Está na cama e xa non se move. Mirou-me aos ollos pero non sei que puido ver. E xa non se move.

LUCÍA

Aracaju. Ano 2004.

EDUARDO.- Chamaron do consulado. Non conseguín falar con Eduardo. Falei con túa nai.

ALMA.- Está ben?

EDUARDO.- Está.

ALMA.- Ben.

EDUARDO.- O teu billete de volta é para dentro de dous meses. Sería conveniente que regresases pronto. A túa nai non pode viaxar. Estáselle complicando o tratamento contra a leucemia.

ALMA.- Preguntácheslle por Eduardo?

EDUARDO.- Deume un teléfono pero non conseguín falar con el. Dixo que era o da vosa casa.

ALMA.- Entonces todo está ben.

EDUARDO.- Está.

Silencio.

ALMA.- Non está?

Silencio.

EDUARDO.- Eu non quería esta situación.

ALMA.- Cal?

Silencio.

EDUARDO.- Este é o teu pasaporte.

ALMA.- En serio? A ver... O meu nome completo.

EDUARDO.- Este é o enderezo que aparece no teu pasaporte.

ALMA.- De Vigo. Claro que si. De Vigo. Veño de Vigo. Ao pé do Calvario. Co Morrazo en fronte e as Cíes na entrada da ría.

EDUARDO.- O enderezo que tes tamén é o da túa nai, Lucía.

ALMA.- Pero iso non é grave. Debín manter o enderezo dela.

Silencio.

ALMA.- Por que é grave?

EDUARDO.- É o enderezo que aparece nas cartas de Esperanza.

ALMA.- Que cartas?

EDUARDO.- Foi cambiando pero está nestas cartas. O destinatario está escrito nas cartas. Tamén o remitente. Son as cartas que a túa nai lle escribiu a Esperanza. Teñen o destino marcado.

ALMA.- Que hai nesas cartas?

EDUARDO.- Son as cartas que Esperanza nunca abriu. E esta chegou hoxe.

LUZ

Aracaju. Ano 2004.

As cartas abertas cobren o chan.

ALMA.- Mira todas esas estrelas. Así somos. Luces que aínda vemos pero que xa non están.

ALBA.- Se a túa nai é filla de Esperanza, entón somos co-netas. Como se lles chama ás netas que comparten avoa?

ALMA.- Curmáis?

ALBA.- Deberíamos ser co-netas.

ALMA.- Debemos ser o que queiramos.

ALBA.- Pero a miña nai non era filla de Esperanza.

ALMA.- Como se chamaba a túa nai?

ALBA.- Amalia. Como a cantora de fado.

ALMA.- Non a pariu pero crioute. Á miña nai pariuna pero non a criou. Somos complementarias.

ALBA.- Paralelas. Separadas só por unha letra e por un océano.

ALMA.- Converxentes. Separadas só por un océano e por unha letra.

Silencio.

ALMA.- Mira todas as plantas. Tan secas. E esas bolboretas. Tan secas.

ALBA.- Deberíamos encher o seu cuarto de plantas. Se traballas con plantas tes que saber como revivir todas es-

tas. Deberíamos encher o seu cuarto con alegrías. Onde non hai alegría hai que compensalo dalgún xeito.

Silencio.

ALMA.- Estou tan ben fóra do mundo que non sei que vou facer cando teña que volver a el.

ALBA.- Por iso deixei de arrincar as follas dos calendarios e de mirar os reloxos. E de pensar nas cousas que están lonxe.

Silencio.

ALBA.- Mira todos eses vagalumes que arden sobre a terra.

ALMA.- Así somos nós.

ALBA.- Insectos?

ALMA.- Insectos como estrelas que desaparecerán.

ALBA.- Esa era a preferida de Esperanza.

ALMA.- Bolboreta monarca. Da familia Nymphalidae.

ALBA.- Ves como dicías cousas en latín?

ALMA.- Danaus Plexippus. Eu vina chegar a México. Chega o día de mortos. Os primeiros días de novembro. Sabes que din da bolboreta monarca? Que é o espírito dos mortos que regresa.

Entra EDUARDO.

EDUARDO.- Apagouse. Esperanza. Apagouse.

O LENZOL

Aracaju. Ano 2004.

ALMA.- Pode ser tan fráxil a historia?

EDUARDO.- Ti es a súa historia.

ALMA.- E nunca vai saber que estiven aquí. Aínda que non morrese, nunca sabería quen era eu nin que estiven aquí. Ela tampouco me deixaría ler as súas cartas.

EDUARDO.- Iso non o sabemos. Pero sabemos que non as queimou. Queimou a man pero non queimou as cartas e deixou a súa propia historia.

Silencio.

ALMA.- Onde estás os panos bordados que querías que gravase?

EDUARDO.- Non son panos. Son sabas.

ALMA.- Un enxoval coa historia da miña avoa?

ALBA.- Gustaríame lelas contigo. Tamén era a miña avoa.

ALMA.- Leremos xuntas esa historia.

EDUARDO.- A dúas voces.

ALBA.- A dúas linguas.

Silencio.

EDUARDO.- Non ten que ser agora.

ALMA.- Mellor que sexa agora.

ALBA.- Mellor agora.

Silencio.

Alma e Alba comenzan a ler.

ALMA.-Aínda non sei cal vai ser o meu nome. Ausencia foi o meu nome. Desde o principio quixen outro nome. Bautizáronme con auga e sobre o meu corpo caeu todo aquel nome como unha pedra e cheo de culpa.

ALBA.- Nacín o 11 de novembro de 1918. A guerra acababa e o meu pai partía rumbo a Cuba. Ese día foi o da súa morte porque meu pai non volveu nunca.

ALMA.- Cambiáronme o nome con sangue. Co sangue de Elvira e o de Luísa. Elas tampouco volveron. Ás miñas irmás, matáronas. Empezaron a chamarme Bonita porque a miña irmá maior era fermosa e dicíanlle Bonita. Tampouco foi o nome que escollín, pero foi o nome co que comezaron a chamarme.

ALBA.- Eu era eu. Eu non era de ninguén e a sociedade daquel tempo non me entendía. Foi no monte onde aprendín a palabra liberdade. Sabía o significado da palabra non por coñecela senón de tanto buscala. Cando alguén dicía “Bonita” eu sorría mirando toda aquela fealdade que nos rodeaba. Eu sorría e pensaba a palabra. Unha palabra que doía tanto, de non atopala.

ALMA.- Non sei cando nos deixamos envelenar tanto. Sabía que se morría non descansaría. Sabía que se me deixaba matar non descansaría. Por iso non deixei de correr. Por iso non volvín mirar atrás.

ALMA E LUCÍA

Aracaju. Ano 2004.

ALMA.- Mamá. Estás ben? Estou ben. Teño aquí a túa última carta. Teño aquí todas as túas cartas. Ela só quería luz para o seu futuro. A súa última palabra non foi unha súplica. A súa última palabra foi o nome que escolleu para morrer. Non se atreveu a mirar atrás. Decidiu non mirar atrás. Quería saber onde estaban as súas irmás pero non podía mirar atrás. O nome está bordado nun pano. Tamén o teño aquí. O nome que escolleu foi Alma. Nunca me coñeceu. Nunca lle falaches de min pero o nome que escolleu foi Alma. Apagouse e os vagalumes ardían na terra. Que sentido ti vo chegar ata aquí? Saber. Vivir. Ese foi o sentido. É incomprendible. Non ten sentido pero ese é o sentido. Manter as follas unidas á terra. Esa é a función da raíz. Por iso temos que buscar a Elvira e a Luísa. Non sei por onde buscar. Por iso temos que buscar. Non hai tempo para esquecer. Ese tempo non existe.

Silencio. Alma colga o teléfono.

ALMA.- A miña nai foi filla da violencia. Eu son neta da esperanza. Eu só quero vivir en paz.

ALBA.- A miña nai foi filla da ausencia. Eu son neta da esperanza. Eu só quero vivir en paz.

AUSENCIA

OS NOMES

Consuelo. Ausente. Libertad. Ausente. Paz. Ausente. Esperanza. Ausente. Dadá. Ausente. Libertad. Ausente. Elvira. Ausente. Sol. Ausente. Ludivina. Ausente. Alejandra. Emiliana. Benilde. Benilda. Ausentes. Auxiliadora. Ausente. María. Ausente. Ausencia. Ausente. Albertina. Justa. Luísa. Carmen. Olimpia. Finita. Ausentes. Antonia. Ausente. Inocencia. Ausente. María. Josefina. Adelaide. Adília. Ana. Antonia. Antonia. Ausentes. Belmira. Ausente. Bidio. Ausente. Cristina. Sérgia. Dinda. Ausentes. Doninha. Ausente. Dulce. Ausente. Durvinha. Dussanto. Eleonora. Ausentes. Enedina. Ausente. Estrelinha. Ausente. Florência. Ausente. Inhacinha. Lica. Maria. Conceição. Ausentes. Lídia. Ausente. Maira. Ausente. Ema. Maria. Maria. Concepción. Ausentes. Maria. Ausente. Maria. Ausente. Maria. Ausente. Luz. Ausente. Jovina. Mariquinha. Moça. Nenê. Otília. Quitéria. Rosinha. Sabina. Sebastiana. Sila. Toinha. Verónica. Zulmira. Lucía. Joana. Ausentes. Soledad. Presente. Soledad. Ausente. Rosa. Maria. Soledad. Ausentes. Ausencia. Ausencia. Ausencia. Ausencia. Ausencia. Ausencia. Ausencia

O MONTE

Provincia de Ourense. Ano 1940.

AUSENCIA.- Non quero facer máis de enlace. Quero ir ao monte.

EDUARDO.- Non se pode levar mulleres ao monte.

AUSENCIA.- Eu levo información e sei que hai mulleres no monte.

EDUARDO.- As que están non teñen outro lugar, Bonita.

AUSENCIA.- Non me chames Bonita. Eu tampouco teño lugar.

EDUARDO.- Vas estar mellor na casa.

AUSENCIA.- Onte levaron a Benilde e a Perfecta. E antonte, a Herminia.

EDUARDO.- Por que levaron a Herminia? Nunca fixo nada.

AUSENCIA.- Eu tampouco fixen nada.

EDUARDO.- Si que fas. E as túas irmás, tamén. E agocháchesme. Herminia nunca axudou en nada.

AUSENCIA.- Ser inocente non é escusa para que non te maten.

EDUARDO.- Matárona?

AUSENCIA.- Mandárona para Quiroga.

EDUARDO.- Non ten sentido.

AUSENCIA.- Se fala vanme vir buscar. Non necesitan escusas pero se a fan falar, vanme vir buscar.

EDUARDO.- Herminia non é mala muller.

AUSENCIA.- Pero ten medo. E sabe que vos agochei na casa. Se non vos vise, ela non inventaría. Pero vana facer falar e vanme vir buscar.

EDUARDO.- Entón vas ter que vir comigo.

AUSENCIA.- Pensei que non podía haber mulleres no monte.

EDUARDO.- Non me fagas falar, Bonita. Non queren que teñamos mozas no monte.

AUSENCIA.- Eu non son a túa moza. E non me chames Bonita.

EDUARDO.- Prefires que che chame Ausencia?

AUSENCIA.- Eu non son Ausencia.

EDUARDO.- É o que pon a túa cartilla.

AUSENCIA.- É do que quixeron encherme a vida, pero non é o que son. E ti non vas facerme moza túa nunca, entendes?

EDUARDO.- Non esteas tan segura.

AUSENCIA.- Eu sei o que non quero.

EDUARDO.- Non vas atopar mellor home ca min.

AUSENCIA.- Pode ser. Pero sei o que non quero.

EDUARDO.- Deberías deixarte o nome de Bonita. O que fas é unha cousa fermosa no medio deste masacre.

A ESFINXE

Provincia de Ourense. Ano 1940.

CLARA.- Canto silencio o que precede a tormenta.

AUSENCIA.- Non quero seguir viva se para vivir teño que matar.

CLARA.- Deben confiar moito en ti para que che deixen esa pistola.

Silencio.

CLARA.- Sabes disparar?

AUSENCIA.- Aprendeume miña irmá.

CLARA.- E á túa irmá quen lle aprendeu?

AUSENCIA.- O home que a intentou matar. Defendeuse e aprendeu soa. Matouno. Así aprendeu.

Silencio.

CLARA.- Eu son Clara.

AUSENCIA.- Á que lle din A Meiga?

CLARA.- Eu son Clara. A xente deste tempo non me entende.

AUSENCIA.- A min dinme Bonita.

CLARA.- A moza de Eduardo.

AUSENCIA.- Eu non son nada de ninguén. Por agora podes dicirme Bonita.

CLARA.- Se estás aquí é por algo. Non queren mulleres no monte. Case a metade da guerrilla está feita por mu-

lles pero non o recoñecen. Quérennos informando, abastecendo, agochando, arriscando... pero non nos queren no monte preto deles. Que os abrandamos, din. Que lles abrimos o corpo. Eu sei que non somos iguais, pero non vexo por que hai que marcar as diferenzas.

Silencio.

AUSENCIA.- Queren protexernos.

CLARA.- Pensas que non sabemos protexernos? Sabemos. Protexernos e resistir. O primeiro sexo. Así somos. Pero aprendéronlles a decidir que é o mellor para eles. O mellor para eles é o mellor para nós. A nós aprendéronnos a obedecer. E iso que conseguimos o voto. Pero non se habitúan.

AUSENCIA.- Tampouco nós nos habituamos. Kent non quería que votásemos.

CLARA.- Quen che falou de Kent?

AUSENCIA.- A miña irmá.

CLARA.- Non, non quería. Era en beneficio da República.

AUSENCIA.- Era unha muller con voz e non quería que votásemos.

CLARA.- Non ata que deixáramos de obedecer. Non ata ter un espazo propio. E unha conciencia liberada.

AUSENCIA.- Non ata que nos deixen tomar conciencia e falar por nós. Para poder falar por nós temos que ter voto.

AUSENCIA escribe nun diario.

CLARA.- Sabes escribir?

AUSENCIA.- Aprendeume miña irmá.

CLARA.- A que che aprendeu a disparar?

AUSENCIA.- Non. Elvira era comadroa. Foi Luísa. Era mestra. Tiven sorte.

CLARA.- Para nós non existe a sorte. Canto conseguimos foi porque o merecemos. E aínda nos queda moito. Non che parece?

AUSENCIA.- Non somos iguais pero non vexo as diferenzas.
Silencio.

CLARA.- Bonita, ti es diferente. Cando sobrevivias a primeira vez, non deixes de correr. Cando sobrevivias a segunda vez, non deixes de correr e non mires atrás. Vas padecer. Non máis que outras. Non menos que outras. Vas querer morrer moitas veces como xa fixeron outras. Pero vas continuar. Non te renderás. Lucirás. Pensarás que estás no medio da noite porque a nosa humanidade está cercada polas tebras. Pero ese será o teu sentido. E ao final, entenderás. Podes escribir iso, se queres.

AUSENCIA.- Ti quen es?

CLARA.- Son unha muller, signifique o que iso signifique. Son a voz dunha muller que vive e que sabe que vai morrer. Ti non morrerás. Terás que inventar unha lingua. Pero crearás unha voz que non afogará xamais. Quererás vivir. Quererás saber. Non quererás esquecer. Pero non regresarás. Estanse achegando. Corre ou dispara. Non fiques aquí. Se non tes forza para dispa-

NOME: BONITA

rar, corre. Agora non fiques aquí. Cada vez están máis preto. A min non poderán collerme. A min non me collerán.

CLARA salta armada no medio da escuridade. Dispara catro veces. O silencio volve inundar a noite.

INOCENCIA

Cárcere no interior de Galicia. Ano 1940.

INOCENCIA.- Non consintas que digan iso de nós. Non consintas que che digan puta de roxo.

AUSENCIA.- Non entendo por que sigo viva.

INOCENCIA.- Queren iso. Que sigamos vivas. Como cariaí-tides. Soportando as cargas máis pesadas. Doe máis. Debín disparar. Ás que chegan embarazadas, quedán-lle cos fillos. Xa o vin aquí. Ás que non están embara-zadas, fórzanas ata que as preñan. Despois, séguenas forzando. E quedan cos bebés. Xa o vin aquí. Así é máis efectivo. Eu non vexo as diferenzas pero vexo os bandos. Hoxe vou morrer. Vou morrer e non vou descansar máis porque a miña filla non saberá nunca do amor de seus pais. Non saberá que quixemos que se chamase coma min. Son consciente. Nunca fun cons-ciente de nada pero hoxe son consciente de todo. Quero que saibas que sei quen fun e sei que vai pasar. Ser consciente é o único que me salvará da loucura. Dicur todo isto e seguir con vida é o máis próxima que vou estar da loucura. Mira o centro dos meus ollos. Ves ese lugar de escuridade?

AUSENCIA asente.

INOCENCIA.- Sabes como se chama ese lugar?

AUSENCIA fica en silencio.

INOCENCIA.- Meniña. Chámase meniña dos ollos. Sabes por que está escura?

AUSENCIA nega en silencio.

INOCENCIA.- É a meniña que me roubaron. A que ía ter e a que ía ser. Aí está toda a miña inocencia. Eu son inocente. Eu son inocente e a miña inocencia non morrerá xamais.

Silencio.

INOCENCIA.- Tres para as nove. Comezan en punto. Moitas regresan mudas pero eu regresarei morta. Do que che fan alí, non hai palabras para expresar. A palabra queda demasiado pequena. A palabra forzar, pequena. A palabra queimar, pequena. A palabra rapar, non doe. Humillar, non doe. As palabras auga fervendo na vaxina, non doen. A palabra “ferro” non doe “na” non doe “boca” non doe. Di calquera palabra. Non doe. Dicir dor tampouco doe. Di unha palabra.

AUSENCIA abraza a Inocencia.

INOCENCIA.- Palabras novas. As que sigades con vida, teredes que inventar palabras novas. Palabras aínda non pensadas. E desterrar as mortíferas. Teredes que desvelar palabras vivas, inocentes e xustas que falen desta dor impronunciábel. Parir palabras que paren este beirro que se repite desde hai tantos séculos. E desterrar a barbarie.

Eu tiña un cabelo longo como o teu. Máis longo.

Ás que chegan co cabelo longo, íspenas e rápanas. Xa o vin aquí.

Ás que chegan co cabelo curto, íspenas e rápanas. Xa o vin aquí.

Ás que non falan, córtanlles a lingua. Eu debín calar.

Debín calar.

Pero aínda tiña medo.

Ás veces deixan unha pistola sobre a mesa.

Cóntano eles.

Deixan a pistola e saen.

Déixanas soas coa pistola.

E unha bala.

Só unha bala.

Esperan o disparo.

E despois van pasear coas súas familias. E repiten: non matarás. E repiten: “honrarás al prójimo como a ti mesmo”. E repiten: “honrarás a tu esposa”. E abrázanse en sinal de paz. E bendícense. E hónranse. Hónranse. Hónranse.

Agora xa non teño medo. Nunca vin ningunha muller con medo aquí.

Nos outros cárceres si, pero aquí non.

Cando se perde o medo, pérdese tamén a esperanza.

Aquí é así.

As campás indican as nove.

GARDA.- Inocencia.

INOCENCIA.- Son eu. Inocente. Ti tes que ser o culpable.

GARDA.- Aproveita as palabras para despedirte. Aquí non regresas.

INOCENCIA.- Inventade palabras novas para unha consciencia nova. Desterrade as palabras mortais. As palabras mortíferas. Non vivimos para isto. Mátannos para que todo siga igual. Pero nós non morremos para iso.

AUSENCIA.- Inocencia, eu non perdo a esperanza.

A VIOLENCIA

Cárcere no interior de Galicia. Ano 1940.

CAPITÁN.- Foi unha mágoa. Chegar aquí. Ter que chegar á violencia. Deberon pasarche cousas pola cabeza. Preguntarías a razón. A razón da miña violencia foi o meu poder. Teño poder. Son libre. Ti dicías ser libre. Tamén tes poder. Cada un ten a liberdade de escoller que ser. No meu caso, escollín a violencia. Por pracer. Queres dicir algo. Xa non podes. Agora xa non podes. Segues sendo libre, tes poder, pero non podes. Aquí tes a túa lingua. Aquí a tes. A túa lingua. Enriba da mesa. Aquí a tes. A túa arma de decisión. Xa a sabes usar. Por ela morreron catro homes. Os que mataches. Eran bos homes. De gran valor. Muda non vales nada. Pero vas poder escoller. Podes vivir ou podes morrer. O poder está na túa man. E na túa mente. Eu non suplico, dixeches. Imos ver se a túa mente soporta o teu corpo. Debes odiar moito porque non berraches. Agora podes berrar pero xa non vas falar máis. Podes odiar. Pero non vas falar máis. Eu non odio, Bonita. Aprendín a transformar o odio en pracer a través da violencia. Tampouco vas esquecer. Ningún de nós se vai esquecer. Eu non esqueceréi. Non chegan moitas así. Virxes. Non chegan virxes, coma ti. Sorprendeunos que foses virxe sendo a puta dun roxo.

AUSENCIA revólvese contra el.

Non consentes que te chame así. Ningunha de vós consente. Pero eu son libre. O teu silencio non serviu

de moito. Ese Eduardo está morto. Chegounos agora o aviso. Pero xa non importa. Agora importas ti. Se vi-ves ou morres, depende de ti. Tes a miña palabra. A túa vida dependerá de ti. O teu futuro, de ti. Esperaremos o disparo. Pero non demores. Temos familia.

O home sae. AUSENCIA queda soa coa arma. Escuro. Disparar.

LUCÍA

Cárcere no interior de Galicia. Ano 1941.

VOZ.- É unha muller.

CAPITÁN.- Está morta?

VOZ.- Non.

CAPITÁN.- Non chorou.

VOZ.- Xa chorará. Que van facer con ela?

CAPITÁN.- Darlle unha familia decente.

VOZ.- Ela non a quere.

CAPITÁN.- Todas estas son así. Darémoslle unha familia decente.

VOZ.- Que facemos coa nai?

CAPITÁN.- Matala. Para dar exemplo.

VOZ.- Tivo nove meses de bo comportamento. E a súa palabra.

CAPITÁN.- Non é escusa para que siga con vida. Matou catro homes.

VOZ.- Non puidemos probar iso.

CAPITÁN.- Desde cando as probas son escusa?

VOZ.- A súa muller pregunta por ela.

CAPITÁN.- Soledad?

VOZ.- Quere vela. Polos bordados que lle fixo.

CAPITÁN.- Dícidelle á miña muller que morreu. No parto.

VOZ.- De onde lle nacen esas ideas?

CAPITÁN.- Do poder.

VOZ.- Por que tantas molestias? Só é unha muller.

CAPITÁN.- Pero tamén ten poder.

Silencio.

CAPITÁN.- Mellor levádea á casa da nai. Din a miña palabra. Que saia libre e que viva. Que viva pero que teña que marchar de alí.

CONTRABANDO

Apartamento nun barrio de Lisboa. Ano 1942.

A canción Destino marcado, de Fernando Farinha mestúranse con informacións sobre a situación de Portugal, lemas e consignas do Estado Novo.

CONTRABANDISTA.- Non acordei isto.

ALBINA apaga a radio.

ALBINA.- En escudos e en pesetas. Foi o que acordei co seu colega da PVDE. Se non está conforme, fale con el.

CONTRABANDISTA.- Eu non falo con ninguén. O prezo sobre dun día para outro e isto non foi o que acordamos.

ALBINA.- Está pedindo tres veces máis.

CONTRABANDISTA.- Para salvar a túa amiga.

ALBINA.- O que fai é traficar coa súa desgraza.

CONTRABANDISTA.- Tamén cando me compraches as armas?

ALBINA.- Estame acusando?

CONTRABANDISTA.- Aínda buscan sospeitosos. Polo intento de asasinato.

ALBINA.- Polo de Salazar? Non sexa ridículo. Eu non tiven nada que ver con iso.

CONTRABANDISTA.- Só teño que sinalarte para que empences a ter que ver.

ALBINA.- Eu son costureira.

CONTRABANDISTA.- Pero non estás ben vista nin en toda a Baixa nin na casa de costura para a que traballas e que é propiedade da familia do seu mozo, Jerónimo.

ALBINA.- Tenme vixiada.

CONTRABANDISTA.- Todos cos que traballo sodes importantes.

ALBINA.- A sociedade deste tempo non me entende.

CONTRABANDISTA.- Eu tampouco a entendo. A sociedade deste tempo. Critícame pero acode a min para que a salve.

ALBINA.- Non está salvando ninguén.

CONTRABANDISTA.- Unha palabra miña e entras no cárcere. Dalgún xeito si que te estou salvando. Unha palabra miña e quedades sen documentos nin acompañantes.

Silencio.

CONTRABANDISTA.- Case nos matan polo camiño. En Porto morreu un dos que viña con nós e outra muller. A túa amiga está viva de milagre.

ALBINA.- Está ferida?

CONTRABANDISTA.- Só é muda. E mal encarada.

ALBINA.- O martes temos que embarcar. Con todo listo.

CONTRABANDISTA.- As cousas están complicadas. Reforzáronse as alianzas para que todos os españois republicanos sexan entregados.

ALBINA.- Xa sei como están as cousas. Que quere? Máis cartos?

CONTRABANDISTA.- Non se trata de cartos. (*Irónico*) Trátase da vosa desgraza.

ALBINA.- Non ten suficiente para pagar o meu corpo.

CONTRABANDISTA.- Teño o suficiente para que non fagades esa viaxe.

ALBINA.- A miña dignidade non se vende.

CONTRABANDISTA.- Pero pode comprarse. Ti es a que precisa esa viaxe. Mal vista e agochando unha guerrilleira fuxida non tes futuro en Lisboa.

ALBINA.- Non é unha guerrilleira fuxida.

CONTRABANDISTA.- Teño quen me informe.

CONTRABANDISTA dispense a saír.

ALBINA.- Que teño que facer?

CONTRABANDISTA.- O que che pida que fagas. Estás disposta?

ALBINA.- Non, pero fareino.

CONTRABANDISTA.- Esa non é a resposta.

ALBINA.- Cal é a resposta?

CONTRABANDISTA.- Dicit “estou disposta a facer o que me pidas”.

ALBINA.- Estou disposta.

CONTRABANDISTA.- “A facer o que me pidas”.

ALBINA.- A facer o que me pidas.

CONTRABANDISTA.- Con iso vale. Pero non me interesas. Só quería saber se tiñamos ou non.

ALBINA.- O que?

CONTRABANDISTA.- Eu, poder. E ti, dignidade. Mantemos o prezo. Ao final todos traficamos co que podemos. Pasado mañá terás os permisos. E sorríde. Un sorriso é máis agradable cando se trafica coa desgraza.

BOA ESPERANZA

Porto de Lisboa. Ano 1942.

ALBINA.- Para de chorar ou vannos parar. Vannos parar se non deixas de chorar. Por que choras? Aquí xa non tes nada. Non queda nada. Só pena e miseria. Todo un continente de desgraza. España. Francia. Italia. Alemaña. O fantasma de Europa. E este país no que vendín a dignidade. E ti xa non podes recoñecer o teu. Temos que inventar un continente novo. Ves ese barco? Mira ese barco. Mira como se chama. Cabo de Boa Esperanza. O cabo das tormentas. Despois del chegará a calma. Máis ao sur está o Cabo das Agullas. Agullas como as que temos nós para coser tela e historias. As nosas historias. Iso contaba a miña avoa que lle contara a súa avoa, as dúas netas de costureiras e de navegantes. Os nomes fálannos e dinnos: esperanza. Aquí só hai morte. En cada casa a mesma desolación. En cada cidade o mesmo berro. Natal vai ser o noso primeiro porto. E volveremos nacer. Chegaremos ao país das amazonas das que falaban as miñas avoas. Non podes chorar polo que te mata. Tes que cambiar a saudade pola esperanza. Para iso tes que parar de chorar. Mírame os ollos. Mírame no centro dos ollos. Ves esa escuridade no medio dos ollos? Sabes o que é?

AUSENCIA asinte.

ALBINA.- É a luz do futuro que nos roubaron aquí. Pero vai lucir cando embarquemos. Non nos renderemos. Luciremos. Non morras aquí. Non mires atrás. Mira a

muller que es. Vas subir comigo a ese barco e non vas regresar porque o teu lugar está noutro lugar. Non morreremos. Luciremos.

AUSENCIA baixa a cabeza.

ALBINA.- Cando soe a sirena subiremos. Prométeme que non vas chorar nunca máis.

AUSENCIA abraza a Albina.

ALBINA.- Cada unha é para o que nace e nós nacemos para o fado.

Soa a sirena do barco.

A BORDO

A bordo do transatlántico Cabo de Boa Esperança, no medio do océano. Ano 1942.

AUSENCIA.- *Só se escoita o mar no medio do mar. Saco o meu caderno para anotar.*

ALBINA.- Sabes escribir?

AUSENCIA.- *Asinto coa cabeza. Quero escribir pero non teño como.*

ALBINA.- *Escribe isto: "Adeus continente negro de miseria e de pena. Nós embarcamos cara o radiante". Non tes lapis?*

AUSENCIA.- *Non atopo con que escribir. Non escribo. Pecho o caderno.*

ALBINA.- *Eu non teño lapis pero teño isto. (Saca unha agulla). Tamén se escribe con isto. Así bordaremos a nosa historia, se me mostras como. Comezaremos entrando de costas. Dígoche como entraremos. Entraremos de costas. Din que o futuro está atrás, así que cando desembarquemos, entraremos de costas. Xa pensaches en como será?*

AUSENCIA.- *Albina dáme a agulla. Enfío un fío vermello na agulla. Eu non sei como será. Só sei como foi. Coloco un pano branco, completamente branco, como unha páxina. Cravo nel a agulla.*

ALBINA.- *Será como queiramos que sexa.*

AUSENCIA.- *Quero falarlle das historias das que falaban Elvira e Luísa. Quero falarlle de como elas eran verdadeiras amaz-*

nas e non vivían en terras descoñecidas. De como elas falaban do futuro.

ALBINA.- Sobre a tea é moito mellor que sobre o papel. Máis resistente. Non racha tan fácil. Tamén arde. Pero non arde tan fácil.

AUSENCIA.- *Hai unha muller preto que tamén mira o mar en silencio. Mira para nós. Fala dos bombardeos cun home. O vento leva lonxe o pano que lle cobre a cabeza. Tén o cabelo coma min. Tampouco ten cabelo.*

ALBINA.- A min non me gusta escribir pero gústame coser.

AUSENCIA.- *Comezamos a escribir “Adeus”. As dúas a un tempo.*

ALBINA.- Que che gustaría facer?

AUSENCIA.- *Miro para ela e quedo en silencio. Como inventar unha lingua nova?*

ALBINA.- Deberías comezar por deixar medrar o cabelo.

AUSENCIA.- *Ela pasa a man pola miña cabeza. Bica a miña cabeza.*

ALBINA.- Xa tes unha gran cicatriz.

AUSENCIA.- *Pousa a súa man na miña boca. Eu coloco a miña man no meu peito. Oxalá todo se restituíse como o cabelo. Oxalá a miña lingua se rexenerase como o meu cabelo. Oxalá as miñas irmás non fosen engulidas pola historia. Oxalá.*

ALBINA.- Medrarache o cabelo. Namoraraste. Como eu me namorei de Jerónimo. Non é guapo pero é listo. Gústábanme os homes guapos pero con el fixen unha excepción. A familia ten unha importante casa de alta costura na Baixa. E pensamos que poderíamos facer o

mesmo en Brasil. Facer o mesmo que sabemos, pero noutro lugar. Non quixemos pedirlle cartos á familia. Atopou traballo nunha empresa téxtil. Traballaremos alí e despois montaremos o noso propio negocio. Eu quero ter fillos. Cinco. E coñecer Arxentina. Non che gustaría coñecer Arxentina?

AUSENCIA.- *Eu nego coa cabeza.*

ALBINA.- Eu non quería ser unha muller tecendo e esperando en Lisboa. Coñeces a historia de Penélope? Penélope non ten historia porque ficou vinte anos tecendo ata que regresou o seu esposo. E eu quería ter historia. Cando non puiden esperar máis, díxenlle que viña. Non se pode esperar. Ás veces hai que partir. Como fixemos nós. Míranos: parecemos pequenas pero somos poderosas. Cando cheguemos, teremos unha vida nova. O mundo é tan fermoso.

AUSENCIA.- *Ela di que o mundo é tan fermoso e eu só teño ganas de morrer. Eu non entendo. Non entendo. Non entendo a beleza deste mundo.*

ALBINA.- Non che gustaría ter unha familia?

AUSENCIA.- *Nego coa cabeza.*

ALBINA.- Poderías traballar para nós. Ou montar a túa propia tenda, se queres.

AUSENCIA.- *As persoas que amo non van estar en ningures.*

ALBINA.- Mira todas esas estrelas. Desde a terra non se ven igual. A luz está aí, pero elas xa non están. Así somos nós agora. Presenzas que deixarán de estar. escoita o silencio. Nel está todo o que estivo e que nunca regresará.

AUSENCIA.- Miro durante longo tempo a Albina. Está en silencio. Cos ollos pechados. En silencio. Non penso nada. Durante longo tempo non penso nada. No centro do océano soa o silencio do que nunca regresará.

SALVADOR

Porto de Salvador de Bahia. Ano 1942

ALBINA.- Aquí tratan así os mortos?

XERENTE.- Son cangaceiros.

ALBINA.- Pero están mortos.

XERENTE.- O peor da violencia é a violencia que arrastra.

ALBINA.- Esas cabezas son de verdade?

XERENTE.- Son. A da esquina é a do CapitãoLampião e a do lado a de Maria Bonita, raíña do cangaço.

ALBINA.- Que clase de lugar é este no que mostran as cabezas dos mortos como se fosen trofeos de caza?

XERENTE.- O mesmo que ese de onde vimos que permite que os irmáns se maten entre eles.

ALBINA.- Eu non matei.

XERENTE.- Eu tampouco matei.

AUSENCIA.- *Eu penso: Non tiven elección. El mira para min. Eu retiro a mirada.*

XERENTE.- Ao Goberno Vargas non lle gustou que a xente vise a vida retratada deses bandidos ou rebeldes. A represión despois foi máis violenta. O volante de Bezerra atrapounos en Angico. Ás veces penso que querían que os cazasen. Esta xente que colocaba os zapatos ao revés para que parecese que avanzaban no sentido contrario, refuxiouse nun lugar sen saída. A violencia é unha forma de amosar quen ten o poder. Esas cabezas amosan quen perdeu o poder.

AUSENCIA.- *Respiro fondo e penso que só amosan ignorancia. El mira para min. Eu retiro a cabeza.*

ALBINA.- Hai persoas que pensan que canto máis matan, máis forza teñen.

XERENTE.- E non é así?

ALBINA.- Non hai pensamento na violencia.

XERENTE.- Que ten que ver o pensamento coa forza?

AUSENCIA.- *Sempre pensei que o poder estaba na miña cabeza. Volve mirar para min. Manteño a mirada. Retiro a cabeza. Silencio.*

ALBINA.- Cando vén Jerónimo?

XERENTE.- Jerónimo marchou.

ALBINA.- Marchou?

XERENTE.- Regresou.

ALBINA.- Regresou?

XERENTE.- Reclamouno a súa familia e marchou.

ALBINA.- Reclamouno?

XERENTE.- Descubriron que viñas e reclamárono.

ALBINA.- Jerónimo non marcharía sen min.

XERENTE.- Embarcou hai tres días. Rumbo Lisboa.

ALBINA.- Pero nós tiñamos plans aquí. E acabamos de atravesar o océano. E sabía que chegabamos hoxe.

XERENTE.- Arranxou todo para que vos mantivese o traballo. Eu son o xerente da fábrica. Iravos ben se só cosedes e cantades.

ALBINA.- Por que non me dixo nada?

XERENTE.- Estoucho dicindo agora.

ALBINA.- Non é suficiente.

Silencio.

XERENTE.- E a súa amiga, é muda?

AUSENCIA.- *Achégase a min. Achégase a min e non me gusta que se achegue. Non me gusta e xa non lle aparto a mirada. Intento comprobar se se petrifica pero non se petrifica e eu non aparto a mirada. Non aparto a mirada pero non se petrifica. De súpeto, queda inmóbil. Preto do meu nariz. Eu non me movo. El non se move. Non sei se se fixo pedra porque aínda respira. Non se petrificou porque aínda fala.*

XERENTE.- Gústame como miras. Como te chamas? Por que non falas? Cortáronche a lingua?

ALBINA.- Cortáronlla.

XERENTE.- Como se chama? Filomela como a fábrica? Á que lle cortaron a lingua e bordou a súa historia sobre a tea?

AUSENCIA.- *Técidos Filomela. Podería chamarse Penélope. Poderíase chamarse Aracné. Ou Atenea. Ou como todas as mulleres das historias que sabe Albina. Pero chámase Filomela. Técidos Filomela.*

XERENTE.- Chámase como a muller do propietario. E ela como se chama?

ALBINA.- Esperanza. Chámase Esperanza.

ESPERANZA.- *Eu asinto.*

XERENTE.- Canto máis caladas máis bonitas.

*ESPERANZA.- Todas somos bonitas ata que se nos desfigura. Todos
sodes fortes até que comezades a esboroar.*

MEDUSA

Un lugar na cabeza de ESPERANZA ante a cabeza exposta de BONITA.

ESPERANZA.- Estás morta e eras fermosa. Bonita. Foi o nome que el dixo. Bonita como Medusa. A min tamén me chamaron Bonita. Agora son Esperanza. Podo sentir. Podo sentir o momento no que o coitelo abre a carne. O pescozo. A lingua. A vaxina. O clítoris. O peito. Cada peito. Cada pescozo. Cada lingua. Cada vaxina. Cada clítoris. Cada época.

Quero desterrar as palabras. Quero negar. Négame a vivir afirmando a mentira. Nego. Decido non ser. Son en negativo. Nega, dígame. Decido non ser. Non ser o non eu co que quixeron ocuparme. Asediarme. Decido non consentir. Non ser puta. Non consinto que me chamen puta. Puta dun roxo é algo que non consinto. Nin escrava. Nin obxecto. Non consinto. Non eramos bandoleiras. Eramos guerrilleiras porque amabamos a vida. Guerrilleiras. Amazonas. Conquistadoras. Tecedoras. Así eramos. Altas ata que chegaron os heroes coa súa tinta e as súas plumas. A nosa historia é salvaxe. É secreta. Esquecémonos de poder. Aprendemos a asentir por fóra e a vivir por dentro e esquecémonos de poder. Así inventamos o descoñecido e fixémonos silenciosas. O salvaxe é o noso territorio. O silenciado está no noso territorio. O noso territorio é o inexplorado. O salvaxe non é violento. É descoñecido. Entre o conquistado e o descoñecido, sitúome no salvaxe.

Bonita como Medusa. Eu tamén fun Bonita como Medusa e sentín a súa impotencia. Sinto o momento

no que separaron a túa cabeza do corpo. A min separáronme a voz da palabra. Ninguén o sinte. Tampouco o escoita. Fago visible o silencio, non coa miña palabra, mais coa miña voz insonora, inexplorada e salvaxe.

Eu sinto como Medusa. Non como Atenea. Como Aracné. Non como Atenea. Como Filomela. Non como Atenea. Que sabedoría? Que pensamento? Que poder? Medusa é o saber feminino, á que adoraban as amazonas. Eu sinto como Medusa. Non hai serpes na miña cabeza. A miña pel non é de lagarto. Non somos monstros. A nosa beleza non é horror. O noso atrevemento non é o horror. O noso horror é o que fixeron de nós. A nosa odisea foi o seu horror. A nosa beleza será aquilo que consigamos facer de nós fóra do previsto.

Cariátides. Eu como Bonita. Como Medusa. Como Filomela. Como Clara. Como Inocencia. Como Albina. Como cariátides. Queriamos máis vida. A nosa vida. Sen ordes nin mandos. Sen poder de destrución. Sen conspiracións. Así foi todo. Se acaban con nós será porque somos mortais. Non é o que nos pasa, é como superamos o que nos pasa. Tomaremos consciencia. Tomaremos a palabra. Para continuar con vida. En cada época.

DADÁ

Fábrica téxtil. Salvador deBahia. Ano 1942.

Son de mulleres cantando entra polas fiestras.

TRABALLADORA 1.- Así tiñamos que ser todas, como Dadá. Saber usar as agullas e tamén as armas.

TRABALLADORA 2.- Esa muller tamén sabe falar.

ALBINA.- Dadá disparaba?

TRABALLADORA 1.-Foi a primeira muller en coller as armas.

TRABALLADORA 2.- Foi a que inventou o deseño do cangaço.

ALBINA.- Foi ela?

TRABALLADORA 2.- Ela. O que non sei é como se namorou de quen a raptou.

ALBINA.- Iso si que o sei. Raptouna Corisco.

TRABALLADORA 2.- O diabo louro, así o chamaban a ese criminal.

TRABALLADORA 1.- Era o segundo de Lampião.

TRABALLADORA 2.- Un asasino.

TRABALLADORA 1.- Tamén as volantes de policías que os mataron.

TRABALLADORA 2.- Eses tamén. Eu opóño-me. Eu opóño-me á morte.

ALBINA.- Raptouna?

TRABALLADORA 2.- Aos 13 anos. Eu tamén me opoño ao rapto.

TRABALLADORA 1.- Tiña 15.

TRABALLADORA 2.- Raptouna, despois namoráronse e acabaron casando. Podes crer que eu nunca namoraría dun home que me leva á forza.

TRABALLADORA 1.- Dixo a que dixo que nunca ía ser nai. E ten dez fillas.

ALBINA.- Dez?

TRABALLADORA 2.- Todas mulleres.

TRABALLADORA 1.- Ás veces, un rapto é unha liberación. Ás veces, morrer é mellor que vivir.

TRABALLADORA 2.- Eu opóñoome á morte.

TRABALLADORA 1.- A Bonita casárona aos quince. Ás veces un matrimonio é un secuestro.

TRABALLADORA 2.- Aquí as cousas son así.

TRABALLADORA 1.- Eu opóñoome a que as cousas sexan así.

TRABALLADORA 2.- Xa.

TRABALLADORA 1.- Eu só digo que Dadá transformou o odio en amor. E que Corisco aprendeulle a escribir e a disparar.

ALBINA.- E cosía...

TRABALLADORA 2.- Foi a primeira en disparar porque el xa non podía disparar.

TRABALLADORA 1.- Ela fixoo porque podía. Igual que todas nós, que somos capaces de todo. E dígoche máis,

se non fose por elas, seguirían parecendo só uns animais, sen piedade, nin valores.

TRABALLADORA 2.- Hai quen di que foron elas as que acabaron co cangaço. Porque lles deixaban os corpos abertos.

ALBINA.- Abríanlle os corpos?

TRABALLADORA 1.- Ti sabes algunha canción para pechar os corpos, non sabes?

TRABALLADORA 2.- Non sei.

TRABALLADORA 1.- Si sabes.

TRABALLADORA 2.- Dígoche que non sei.

TRABALLADORA 1.- Se non queres cantar non vou ser eu a que te obrigue. Para min, ti es unha muller libre. (*Pausa*) Seica se ían entregar. Prometeron amnistía para todos os que se entregaran. Íanse entregar e matáronos.

ALBINA.- Non se respecta nin a rendición.

TRABALLADORA 2.- Ela sobreviviu.

Entra o Xerente. Sae.

TRABALLADORA 1.- Tiñamos que ser todas como esa muller. *Sussuaranas.*

ALBINA.- Panteras.

TRABALLADORA 2.- Ser como?

TRABALLADORA 1.- Ser capaces de vivir para ir contra un poder que non queremos.

Entra o XERENTE. Sae.

TRABALLADORA 1.- Teríamos que protestar.

TRABALLADORA 2.- Protestar por que?

TRABALLADORA 1.- Non tes motivos?

TRABALLADORA 2.- Eu veño aquí a traballar. Non a protestar.

TRABALLADORA 1.- Polo prezo que pagamos... Ti tes fillas, non?

TRABALLADORA 2.- Non fales do prezo.

ALBINA.- Que prezo?

TRABALLADORA 2.- Eu aceptei o prezo.

TRABALLADORA 1.- Teríamos que actuar.

Entra o XERENTE. Sae.

ALBINA.- Actuar como?

TRABALLADORA 1.- Podemos encerrarnos.

TRABALLADORA 2.- Xa estamos encerradas. Vivimos aquí, durmimos aquí, comemos aquí. Aquí temos de todo para vivir e eu quero vivir. Eu non penso renunciar e non penso protestar.

TRABALLADORA 1.- Trátase de mellorar.

TRABALLADORA 2.- Mellorar como? O que?

TRABALLADORA 1.- As nosas condicións. A nosa condición.

TRABALLADORA 2.- Pero se nin sabemos ler. Eu o único que sei é coser.

TRABALLADORA 1.- Pois podemos empezar por aí e aprender a ler.

ALBINA.- Esperanza sabe ler.

TRABALLADORA 1.- Algunha de nós tamén sabe. Entre todas podemos acordar as melloras que precisamos.

Entra o XERENTE. Sae.

TRABALLADORA 2.- E quen vai falar por todas? Eu preciso este traballo.

TRABALLADORA 1.- Eu tamén preciso este traballo.

TRABALLADORA 2.- Xa pagamos un prezo moi alto.

ALBINA.- Que prezo?

Entra o XERENTE. Todas calan. Sae.

TRABALLADORA 1.- Para traballar tivemos que vendernos e non poderemos recuperarnos.

ALBINA.- A dignidade?

TRABALLADORA 2.- A virxindade.

TRABALLADORA 1.- A dignidade permanece intacta.

TRABALLADORA 2.- Tecidos Filomela. Non esquezas o nome.

TRABALLADORA 1.- Polo menos nós aínda temos a lingua.

ESPERANZA.- Todas miran para min. Eu miro para elas. Todas baixan a cabeza e continúan o seu traballo.

A VOZ DE ESPERANZA

Fábrica téxtil en Salvador de Bahía. Ano 1942.

ALBINA.- Non te podes ofrecer.

ESPERANZA.- *Eu escribo POR QUE NON?*

ALBINA.- Porque non falas.

ESPERANZA.- *Escribo ESTAMOS FALANDO.*

ALBINA.- Non estamos falando. Ti escóitásmeme e eu estou lendo. Elas non saben ler.

ESPERANZA.- *Escribo ALGUNHAS SI.*

ALBINA.- Case ningunha.

ESPERANZA.- *Escribo APRENDERÁN.*

Silencio.

ESPERANZA.- *Escribo NON FALAR NON IMPIDE PENSAR. Escribo PRECISAMOS ORGANIZARNOS. Escribo SABEMOS COMO.*

ALBINA.- Non van confiar en ti.

ESPERANZA.- *Escribo POR QUE?*

ALBINA.- Porque non se pode confiar nunha representante que non pode falar. Porque non te podes valer por ti mesma. Non podes ser portavoz se non tes voz.

ESPERANZA.- *Escribo NON CONFIARÍAS EN MIN?*

ALBINA.- Eu sei o que pasaches. Pero iso non se pode explicar.

ESPERANZA.- *Subliño NON CONFIARÍAS EN MIN? Escribo SÓ PRECISO ALGUÉN EN QUEN CONFIAR.*

ALBINA.- Confío.

ESPERANZA.- *Escribo ASÍ TEÑO VOZ. Escribo A PORTA-
VOZ DA PORTAVOZ. E sinalo a ALBINA.*

ALBINA.- Non vou saber.

ESPERANZA.- *Escribo APRENDEREMOS.*

ALBINA.- Pensei que só quedaras muda pero xa vexo que tamén estás tola.

ESPERANZA.- *Sorrío.*

ALBINA.- Cando te fixeches utópica?

ESPERANZA.- *Escribo CANDO ME CHAMACHES ESPE-
RANZA.*

As dúas sorrín. Abrázanse. Bícanse. Sorrín.

A VIÚVA

Fábrica téxtil en Salvador de Bahía. Ano 1946.

ALBINA.- Ninguén di que as cousas teñan que ser como son.

Ninguén di que teñamos que esperar até o delirio para protestar.

Ninguén di que teñamos que perder a voz para comezar a berrar.

Ninguén di que teñamos que esperar que outras caian.

Ninguén di que teñamos que pagar un prezo desprezable para ser traballadoras.

Ninguén di que teñamos que aturar malos tratos para ser mellores traballadoras.

Rexeitamos o medo.

Pero hai que dicilo para organizarnos.

Para que as cousas sexan como nós precisamos temos que organizarnos.

Pensade en Dadá. Pensade nesa muller que comezou a levantar a voz para obter os dereitos que lle corresponden a ela e aos seus compañeiros. Está soa. É unha muller. Está soa. Orgullosamente soa. Pero camiña. Quere que devolvan os restos dos seus mortos á terra. Os mortos á terra. Non expostos nos museos. É só unha muller. É só a voz dunha muller. Pero pode mover outras. Nós somos cincuenta.

TRABALLADORA 1.- Non podemos facer nada se non temos un espazo propio.

ALBINA.- Pero podemos construír un espazo propio. Algo novo. Sen diferenzas. Xa outras o fixeron antes ca nós. Tamén outras o farán despois de nós.

TRABALLADORA 1.- En lugar de modelarnos dentro do marco, propoño desmarcarnos. Deixar este espazo.

TRABALLADORA 2.- Pagamos un prezo por este espazo. Este espazo tamén é noso.

ESPERANZA.- *Penso: ás veces hai que abandonar para continuar.*

TRABALLADORA 1.- Eu quero un espazo que me pertenza.

ALBINA.- Como facemos iso?

TRABALLADORA 1.- Se cada unha deixa parte do seu salario durante un tempo, ao final resistiremos. E o salario será o mesmo entre todas. Sabemos como funciona esta empresa.

TRABALLADORA 2.- Tamén sabemos que as empresas están quebrando. Abrir outra non terá sentido.

ALBINA.- Nós non quebraremos. Nós luciremos.

TRABALLADORA 2.- Non poderemos empezar sen cartos. Sen cartos non teremos un lugar.

TRABALLADORA 1.- Hai un lugar. Hai unha duquesa, unha viúva holandesa que quere regresar ao seu país. Está pensando desfacerse de todo.

TRABALLADORA 2.- Pero nós non temos cartos para comprar nada. Así que non hai nada que facer. Non imos chegar á porta da súa casa para pedirlle que nos deixe a súa fábrica e a súa maquinaria porque somos tan ilusas que temos a ilusión de ter un lugar propio.

ALBINA.- Por que non?

TRABALLADORA 2.- Porque as cousas non se fan así.

ALBINA.- Por que non?

TRABALLADORA 2.- Esa muller quererá cartos e non temos.

TRABALLADORA 1.- Non perdemos nada con preguntar.

ALBINA.- A quen lle parece ben?

As traballadoras levantan as agullas. A TRABALLADORA 2 levanta a man despois de que o resto tamén a levanta. Cando todas baixan os brazos, entra o XERENTE.

ALBINA.- Temos permiso para reunirmos aquí.

XERENTE.- Veño participar.

TRABALLADORA 1.- Veste rir de nós?

XERENTE.- Gustaríame participar.

TRABALLADORA 1.- Por que?

XERENTE.- Tamén teño muller e non quero máis isto. Tampouco quero que volvan rirse de min.

TRABALLADORA 1.- Eu non o creo. Sempre se portou como un imbécil.

XERENTE.- Foi o que aprendín.

ALBINA.- A nós tamén nos aprenderon cousas que non asumimos.

XERENTE.- Eu foi o que aprendín a asumir.

ALBINA.- Deberíamos decidilo entre todas. Se participas ou non. Quen está a favor?

TRABALLADORA 1.- É o can do dono. Eu non confío nel.

TRABALLADORA 2.- Se eu fose el, gustaríame que me desen unha oportunidade.

TRABALLADORA 1.- Se eu fose el, non me atrevería a vir aquí.

TRABALLADORA 2.- Tamén ten muller.

TRABALLADORA 1.- E por que non vén ela aquí?

ALBINA.- Quen está a favor de que participe?

TRABALLADORA 1.- Eu estou a favor de que sexa a súa muller a que decida con nós. Co paso do tempo, veremos se podemos confiar nel.

ALBINA.- Estás a favor?

XERENTE *mira o chan. Pasan algúns segundos. Asente.*

ALBINA.- Quen está a favor?

As traballadoras levantan as agullas. Todas a un tempo, agás a TRABALLADORA 1 que demora en subir o brazo.

A PÁXINA EN BRANCO

Salvador de Bahía. Ano 1951.

ALBINA.- (*lendo*)“...Durante anos apreciei as miñas sabas, os meus panos e os meus vestidos. Non vía que en cada elemento daqueles había toda unha cadea de mulleres. Desde as que recollen o algodón e o liño, as que tecen e as que bordan até as que coidan as bolboretas para ter seda propia. A tea é forte. Eu quero tecer con vós este soño dunha comunidade sensata, solidaria, en sororidade. Como xa fixeran as beguinas. Estarei lonxe pero non estarei soa. Con isto a miña viaxe pagou a pena. Agora si. Agora entendo o sentido desta odisea. Tamén do nome que para min foi escollido”.

Silencio.

Foi bonito o seu xesto. Foi valioso. Gústame ler esta carta. Dáme ánimos. Estivemos tan preto. Durou pouco, pero conseguímolos por completo. Nin un mes durou. Pero por uns días conseguímolos por completo. Despois do incendio non quedou nada. Non se recuperou nin a maquinaria nin o edificio. Pero conservo esta carta. As nosas caras eran poemas. Poemas tristes. Que imos facer? Preguntou alguén. O único que paga a pena facer: volver comezar. Non é a primeira vez que o facemos. Sempre é así. Algunhas marcharon. Outras renegaron. Outras culpáronnos. Podemos seguir cosendo na casa ou decidir onde ir.

Silencio.

Nós non o conseguimos, pero esa muller si que o conseguirá. Dadá si que o conseguirá. Ao final trasladarán os corpos. E poderán enterrar os seus. Si que é curioso: aquí ela pedindo que enterren e a ti gustaríache desenterrar.

Silencio.

Volvín ler a carta porque chegou unha carta de Lisboa. Trae o mesmo enderezo daquela casa na que vivía con Jerónimo na Baixa. Teño medo de abril. Teño tanto medo de abril. De que teño medo? Non é da carta do que teño medo. É de min.

ESPERANZA.- *Coas mans e os xestos constrúo as palabras SABER DÁ MEDO.*

ALBINA.- E se me di que regrese con el?

ESPERANZA.- *Constrúo as palabras EU NON TEÑO XEITO DE DEIXARTE DE QUERER. Constrúo as palabras TI ES O MEU ÚNICO AMOR. A MIÑA ÚNICA PAZ.*

ALBINA.- Eu tamén te amo.

Silencio.

ALBINA.- Podes lela antes por min?

ESPERANZA.- *Eu nego coa cabeza.*

Albina comeza a ler a carta. Silencio.

ALBINA.- Non é de Jerónimo. A carta é para ti. Dentro do sobre hai un sobre aberto cun nome. A carta foi reenviada desde Lisboa. A carta é para ti.

SOLEDAD

O peito de Esperanza.

ESPERANZA.- Soledad. Era o nome da muller daquel capitán. A ela entregáronlle a muller que parín. Pensei que o pasado estaba morto. Parece que o futuro está atrás e quere vir correndo cara a min. Eu non quería máis pasado. Non foi o que elixín. Podemos ir a outro lugar. Ir máis ao norte. Atopar un lugar na terra. Eu fun filla da ausencia. Eu fun nai da violencia. Eu só quero vivir en paz. Non se trata do que nos pasa. Trátase do que superamos. Eu só quero vivir en paz. Non volver atrás. Esa é a miña elección. Ir a outro lugar.

DADÁ

SHAYMA

28 DE XULLO DE 2014. NACE UNHA NENA DESPOIS DE CEN ANOS. CHÁMANA SHAYMA. CHÁMANA SHAYMA E NACE EN GAZA DESPOIS DE CEN ANOS. NACE EN GAZA DO VENTRE DA NAI MORTA. NACE CEN ANOS DESPOIS DO INICIO DA PRIMEIRA GUERRA. SHAYMA NACE O 28 DE XULLO DE 2014. NACE E O SEU PAI ESTÁ MORTO. NACE E OS SEUS IRMÁNS ESTÁN MORTOS. NACE CON TRECE GUERRAS AÍNDA ABERTAS DESPOIS DE CEN ANOS. NACE NO MEDIO DUNHA GUERRA E DA VERGOÑA INTERNACIONAL. NO MEDIO DUNHA GUERRA. E CADA QUEN SOBREVIVE Á SÚA PROPIA BATALLA.

As mulleres cravaron os seus pés no chan e comezaron a espirse.
Alí era motivo de mala sorte que unha muller se espirse en público por vontade propia.
Cravaron os seus pés no chan e comezaron a descarnarse.
O pasado parece que se lembra de nós.
Amarrarse ou cravarse para non desviarse.
A historia é un relato que non deixa de comezar.
Amarrarse ou cravarse para non perderse.
A historia é un relato que non remata nunca.
O pasado parece que se lembrará de nós.
A miña historia non remata nunca.
A miña historia é a túa historia.
A barbarie nunca cesou.
Polos séculos dos séculos.
A barbarie.
Podemos ser actrices da paz.
Cicatrices da paz.
Non autoras da barbarie.
Comezaron a espirse e conseguiron un tratado de paz.
Non pola paz. Polo medo á mala sorte.
Non polo medo á guerra. Polo medo á mala sorte.
Actrices. Cicatrices. Non autoras da barbarie.
Non nacemos para morrer. Nacemos para comezar.
Para recuperar nos sen esquecer nos.
Comprender non significa negar o terrible.
Comprender pode significar cuestionar o aprendido.
Cada punto final.
Para comprender vai ser necesario negar.
Negar non o que vemos.
Negar o que quixeron que visemos.

Non se pode esquecer. Non hai tempo para esquecer.
Ese tempo non existe.
É a acción a que nos fai libres.
Non somos as nais do horror.
Non somos as nais da decepción.
Nacemos no horror. Pero non somos nais do horror.
Medramos na decepción. Pero non somos nais da decepción.
Non tememos o mal.
Non tememos ningunha tristeza.
O noso berro é a forza para avanzar.
Todo é posible.
O pai de familia é o gran criminal do século, dixo Arendt.
E lembro os fillos que non tiven.
E lembro os fillos que me roubaron.
E lembro os fillos mortos.
E lembro os fillos que me abandonaron.
E xa non lembro.
Pero lémbrenme e recupéranme sen esquecerme.
O significado dun acto rebélase cando a acción conclúe e se transforma en historia susceptible de narración, dixo Arendt.
As parias, dixo Arendt.
Arendt: Como é posible vivir no mundo, amar a outra persoa, se a outra persoa non acepta quen es?
Ves eses lugar nos meus ollos?
Ves ese oco escuro no medio dos ollos?
Ves ese oco?
Así é a miña resistencia. A miña paciencia. A miña forza.
O lugar reservado para a luz.

Craveime ao chan para non desviarme da historia.
E non repetir a historia.
Penélopes.
Medusas.
Filomelas.
Aracnés.
Bonitas.
Bonitas ata que nos desfiguran.
Finitas.
Efémeras.
Poderosas.
A miña última palabra non vai ser unha súplica.
Se collemos as armas foi porque eramos capaces.
Horriblemente capaces.
O sangue sempre foi horrible.
Nunca nos falaron da dor.
Tampouco nos aprenderon a amarnos.
Aprendín o amor a forza de dor e de morte.
A súa última palabra foi unha súplica e non foi para ela.
Ningunha palabra final debería ser unha súplica.
A última palabra debería ser un alento para o soño.
Camiñabamos como soños.
Dinme que a miña historia é demasiado terrible co-
mo para ser escoitada.
Pero eu cóntoa igual.
Por iso din que non queren vir visitarme.
Non é por min. É pola miña historia. Dinme.
Din que xa é demasiado tarde para escoitala.
Din que o mundo é tan bonito e eu estou tan cega.
O cabelo medra. Pero a dor non pasa.
As vítimas da desolación.

Somos as vítimas da desolación.
Estamos cheas de esperanza.
O medo non acaba porque a esperanza tampouco
acaba.
A dor non acaba porque o amor non acaba.
A historia non acaba porque nada acaba.
Aquelas mulleres morreron pero non desapareceron.
As súas pegadas botaron raíces no chan.
Para non desviarse da historia.

Vigo, setembro de 2014.

Nombre: Bonita

Esta obra fue escrita originalmente en gallego

A Josefita, por la última luz de sus ojos

A Gloria, por el azul de su mirada.

A Josefa y a David.

Con toda gratitud para Wajdi Mouawad
por despertar el camino.

Con todo cariño para Almir Ribeiro por
colocarme sobre los pasos.

Quem transforma o pensamento em odio?

Alfonso Pexegueiro, *Hipatia*.

As mulheres dizem, a linguagem que falas envenena a tua glote língua palato lábios. Dizem, a linguagem que falas é feita de palavras que te estão a matar. Dizem, a linguagem que falas é feita de signos que rigorosamente falados designan aquilo que os homens apropriaram.

Monique Wittig, *Les Guérillères*

NOTA

Como cada obra, *Nome:Bonita* fue escrita en gallego con la escena como principal objetivo. En ella hay diecinueve personajes pero fue pensada para ser representada por cuatro actrices y un actor.

El presente texto está completo pero por su vocación escénica y la de establecer puentes entre la lusofonía. *Nome:Bonita* aspira a que los personajes de origen portugués y brasileño sean dichos algún día en la lengua en la que deberían haber sido pensados. Es este un deseo de futuro. Ojalá el futuro me conceda el deseo que ahora emito de poder ver el trabajo en gallego y portugués.

